



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 30 DE XULLO DE 2020

ASISTENTES:

PRESIDENTE

D. FRANCISCO CAJOTO CASERÍO (PSOE)

CONCELLEIROS/AS

D. HÉCTOR MORIS FERNÁNDEZ (PSOE)
D^a. M^a MILAGROS LOUZÁN GARCÍA (PSOE)
D^a. ANA MATEA ROJO EIJO (PSOE)
D. JOSÉ M^a LINARES RODRÍGUEZ (PSOE)
D^a. INES LOPEZ COUTO (PSOE)
D. CARLOS GARCÍA RODRÍGUEZ (PSOE)
D. FRANCISCO X. FANEGO BERMÚDEZ (BNG)
D^a. GEMA MÉNDEZ LEIVAS (BNG)
D. IAGO VILLAMIL CAJOTO (BNG)
D. JAVIER JORGE CASTIÑEIRA (PP)
D. JUAN JOSÉ RIVAS NÉCEGA (PP)
D^a. LAURA RIVEIRA BALSEIRO (PP)
D. JOSÉ ANTONIO HERMIDA FERNANDEZ (PP)
D^a. CONCEPCIÓN LÓPEZ SEIJAS (PP)
D. VÍCTOR COUTO BARRIENTOS (FPF)

Na Sala Bahía do Concello de Foz, sendo as vinte horas e trinta minutos do día trinta de xullo de dous mil vinte, reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o Concello Pleno, coa asistencia dos señores/as concelleiros/as relacionados ao marxe. Asiste a Interventora Municipal, D^a. Yolanda González Rodríguez. Actuando como secretario, o funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional D. Víctor Voces López.

INTERVENTORA

D^a. YOLANDA GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

SECRETARIO XERAL

D. VÍCTOR VOCES LÓPEZ

Informados os asistentes que forman quórum para a válida celebración da sesión, dezaseis dos dezasete membros que integran o órgano colexiado, éntrase no despacho dos asuntos incorporados á orde do día da convocatoria para os efectos, producíndose o desenvolvemento da sesión e correlativa adopción de ditames nos termos seguintes:

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, ACTA SESIÓN ANTERIOR ORDINARIA DE DATA 25 DE XUÑO DE 2020.-

Por unanimidade dos dezaseis concelleiros e concelleiras asistentes á sesión, acórdase prestar aprobación á acta da sesión anterior ordinaria de data 25 de xuño de 2020, en



todos os seus extremos e nos seus propios termos.-

2.-EXPEDIENTE 406/2020: APROBACIÓN SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS PREPARATORIOS DO PLENO SOBRE PROPOSTA DE NOMEAMENTO XUÍZ DE PAZ TITULAR E SUBSTITUTO DO CONCELLO DE FOZ-

Polo Sr Alcalde, concédese a palabra ao Secretario municipal para dar lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios do Pleno en data 23 de xullo de 2020 sobre proposta de nomeamento de Xuíz de Paz Titular e Substituto do Concello de Foz, cuxo teor literal é o seguinte:

“Con data de marzo de 2020 e rexistro de entrada nº 2020-E-RC-1295, consta escrito remitido pola Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no que comunica que estando próximo a vencer o período de catro anos polo que se nomeou Xuíz de Paz TITULAR e SUBSTITUTO neste municipio, acordou oficiar a este Concello a fin de que se inicie novo expediente para elixir Xuíz de Paz TITULAR e SUBSTITUTO no prazo de tres meses tal como establece o artigo 101.4 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Con data 01 de xuño de 2020, foi ditada preceptivo informe de secretaría 2020-0032, no que se define a lexislación aplicable e o procedemento a seguir para o nomeamento do Xuíz de Paz TITULAR e SUBSTITUTO do concello de Foz.

Con data 02 de xuño de 2020, foi ditado Decreto de Alcaldía 2020-0328 no que se resolve entre outros extremos, aprobar a convocatoria para elección de Xuíz de Paz TITULAR e SUBSTITUTO do Municipio de Foz, de conformidade co disposto no artigo 101 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e no Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz.

Con data 09 de xuño de 2020, foi publicado no Boletín Oficial de Provincia de Lugo (BOP) nº 131, anuncio da Convocatoria para a elección de xuíz de paz TITULAR e SUBSTITUTO do concello de Foz, anuncio remitido ao propio xulgado de paz, así como, á oficina do Decanato de Mondoñedo. Rematado o prazo de presentación de instancia, consta presentadas as seguintes solicitudes:

NOME	REXISTRO	CONTIDO
Javier Acebo Rodríguez	2020-E-RC-193 6	-Solicitud conforme modelo. -Fotocopia DNI. -Certificación negativo de antecedentes penais do que non resulta vixente condena por delito. -Copia dos documentos acreditativos dos méritos que alegue o solicitante: a)Certificado de servizos prestados como Xuíz de Paz. b)Copia tarxeta de identificación “probas de aptitude para o acceso á universidade”. c)Copia calificacións Arquitectura. d)Copia Celga 4.
Rafael Rodríguez Legaspi	2020-E-RC-208 1	-Solicitud conforme modelo. -Fotocopia DNI. -Certificación negativo de antecedentes penais do que non resulta vixente condena por delito. -Copia dos documentos acreditativos dos méritos que alegue o solicitante: a)Copia título Graduado Social.
José Domingo Rodríguez	2020-E-RC-209 4	-Solicitud conforme modelo. -Fotocopia DNI.





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Rodríguez	2020-E-RC-216 7	-Certificación negativo de antecedentes penais do que non resulta vixente condena por delito. -Copia dos documentos acreditativos dos méritos que alegue o solicitante: a)Copia título Licenciado en Ciencias Químicas. b)Copia título curso superior en Gestión de Transporte Sanitario. c)Copia certificado de profesionalidade Tanatopraxia. d)Copia máster propio da Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación da provincia de Lugo en Consultoría e Xestión Medio Ambiental.
-----------	--------------------	---

Realizada a tramitación legalmente establecida segundo o previsto no Informe de Secretaría, propónse ao Pleno a adopción do seguinte á vista do contido das solicitudes formuladas:

ACORDO:

PRIMEIRO: Propoñer á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a JAVIER ACEBO RODRÍGUEZ, con DNI núm. 34635487V, para o desempeño do cargo de Xuíz de Paz titular, valorando especialmente a experiencia profesional acreditada no exercicio das funcións de Xuíz de Paz.

SEGUNDO: Propoñer á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a RAFAEL RODRÍGUEZ LEGASPI, con DNI núm. 33992360Q, para o desempeño do cargo de Xuíz de Paz substituto, valorando especialmente a súa posesión dun título universitario superior no marco das ciencias xurídicas.

TERCEIRO: Dar traslado do devandito acordo á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza para o seu coñecemento e efectos oportunos acompañando un certificado de antecedentes penais da persoa proposta e unha declaración xurada respecto á compatibilidade para o cargo, aos efectos oportunos”.

Ábrese polo Sr Alcalde-presidente unha **quenda de intervencións**, sen que ningún dos voceiros dos grupos municipais que conforman o pleno municipal faga uso da palabra.

Rematado o debate, e sometido a votación o punto da orde do día, o Pleno municipal pola **unanimidade** dos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e FPF, **aproba o seguinte A C O R D O:**

PRIMEIRO: Propoñer á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a JAVIER ACEBO RODRÍGUEZ, con DNI núm. 34635487V, para o desempeño do cargo de Xuíz de Paz titular, valorando especialmente a experiencia profesional acreditada no exercicio das funcións de Xuíz de Paz.

SEGUNDO: Propoñer á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a RAFAEL RODRÍGUEZ LEGASPI, con DNI núm. 33992360Q, para o desempeño do cargo



de Xuíz de Paz substituto, valorando especialmente a súa posesión dun título universitario superior no marco das ciencias xurídicas.

TERCEIRO: Dar traslado do devandito acordo á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza para o seu coñecemento e efectos oportunos acompañando un certificado de antecedentes penais da persoa proposta e unha declaración xurada respecto á compatibilidade para o cargo, aos efectos oportunos.-

3.- EXPEDIENTE 1333/2020: APROBACIÓN SE PROCEDE DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS PREPARATORIOS DO PLENO SOBRE AUTORIZACIÓN DA CESIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DE SERVIZOS DA RESIDENCIA E CENTRO DE DÍA DO CONCELLO DE FOZ.-

Polo Sr Alcalde, concédese a palabra ao Secretario municipal para dar lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios do Pleno en data 23 de xullo de 2020 sobre autorización da cesión do contrato de concesión de servizos da Residencia e Centro de Día do Concello de Foz, cuxo teor literal é o seguinte:

“Por acordo plenario do 27/09/18 adóptase iniciar o expediente de contratación mediante procedemento aberto, da concesión de servizos da residencia de maiores e centro de día de Foz, así como a aprobación dos respectivos pregos e expediente de contratación, cun orzamento de licitación do contrato orientativo de 3.331.680 € (3.028,800 € + 302.880 € de IVE/IVE) e cunha duración de 4 anos (incluíndo a duración da prórroga de 2 anos).

Con data 18/10/18, foi publicado un anuncio de licitación a Plataforma de Contratación do Estado, co fin e que os interesados puidesen presentar as solicitudes de participación durante o prazo de 26 días naturais contados desde o día seguinte á publicación do anuncio do contrato. Constan presentadas en prazo as seguintes propostas:

- Rexistro de entrada 2018-E-RC-4357: Innovación e Desenvolvemento Asistencial S.L.
- Rexistro de entrada 2018-E-RC-4470: Asociación Idade Dourada Mensaxeiros da Paz Castela-A Mancha e Galicia.
- Rexistro de entrada 2018-E-RC-4479: Gaudium Río Nacemento S.L.

Con data 16/11/18, 19/11/18 e 04/12/18, foron celebradas sesión da mesa de contratación nas que se procedeu á apertura do sobre A “documentación administrativa”; sobre C “documentación ponderable a través de xuízos de valor” e sobre B “proposición económica e documentación cuantificable de forma automática, acadando as seguintes puntuacións:

LICITADORA	CIF	SOBRE B	SOBRE C	TOTAL
INNOVACIÓN E DESENVOLVEMENT O ASISTENCIAL S.L.	B31820194	29	55	84 puntos
ASOCIACIÓN EDAD DORADA MENSAJEROS DE LA PAZ	G4548202 3	37	22,59	59,59 puntos
GAUDIUM NACIMIENTO SL	B04652970	26	43,09	69,09 puntos

Á vista das puntuacións acadadas, a mesa de contratación propón a adxudicación a favor da empresa Innovación e Desenvolvemento Asistencial S.L., titular do CIF B31820194 e domicilio a efecto de notificacións en Camiño de Esquiroz núm. 6, oficina 3, 31190 Cizur Menor, Navarra.





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Con data 13/12/18, mediante acordo plenario procedeuse a clasificar as proposicións das licitadoras en orde decrecente, establecendo como a oferta máis vantaxosa a presentada por Innovación e Desenvolvemento Asistencial SL, procedendo a través da mesma acordo a requirir a dita mercantil para que presentase a documentación precisa conforme co previsto nos artigos 140 e 150.2 da LCSP.

Con data 02/01/19, foi achegada pola empresa Innovación e Desenvolvemento Asistencial S.L., a documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios que se compromete a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2 da LCSP; do compromiso ao que se refire o artigo 75.2 da LCSP; a garantía definitiva para o contrato de concesión de servizos por procedemento aberto da residencia de maiores e centro de día de Foz, así como de que está ao corrente das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

Con data 08/01/19, a mesa de contratación previa comprobación da validez da documentación achegada pola licitadora, propón a adxudicación definitiva de concesión do servizo por procedemento aberto, da Residencia e Centro de Día de Foz, á empresa Innovación e Desenvolvemento Asistencial S.L., con CIF B31820194 e domicilio en Camiño de Esquiroz núm. 6, oficina 3, 31190 Cizur Menor, Navarra.

Con data 14/01/19, o pleno municipal do concello de Foz acorda adxudicar o contrato para a concesión de servizos da Residencia e Centro de Día, á empresa Innovación e Desenvolvemento Asistencial S.L., titular do CIF B31820194 polo importe de 1.528,560 € (1.389,600 € + 138,960 € de IVE/IVE), cun prazo de duración de dous anos (prorrogable outros dous), sendo o importe da garantía definitiva 69.480 €.

Devandito prezo establécese en atención á oferta presentada por IDEA S.L., que é a seguinte:

Residencia:

Plazas dependentes Grado I	980,00 €/mes
Plazas dependentes Grado II	1175,00 €/mes
Plazas dependentes Grado III	1275,00 €/mes
Plazas sin grado-Válidos	800,00 €/mes
Precio medio	1057,50 €/mes (sen IVE)

Centro de Día:

TIPO DE ESTANCIA	PRECIO	TRANSPORTE
Jornada completa con todas las comidas	540 €/mes	45 €/mes
Media jornada con almuerzo/merienda + comida	290 €/mes	45 €/mes
Media jornada sin manutención	200 €/mes	45 €/mes
Precio medio	390 €/mes (sen IVE)	

Con data 16/01/20, procedeuse á formalización do contrato de concesión dos servizos de Residencia e Centro de Día do concello de Foz, coa mercantil Innovación e Desenvolvemento Asistencia S.L.

Con data 31/01/19, o pleno municipal do concello de Foz acorda aprobar a addenda ao " convenio de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de



Foz para a xestión do fogar residencial e centro de día do Concello de Foz”, polo que se modifica a súa cláusula 5ª determinando como “dies a quo” da entrada en vigor do Convenio o 16/01/19.

Con data 04/03/19, foi formulada dende a Xunta de Galicia, Servizo de Inspección de maiores, discapacidade e dependencia, emenda de subsanación previa inspección no marco do informe de autorización de inicio de actividade da Residencia e Centro de Día.

Con data 15/03/19 e rexistro de entrada 2019-E-RC-991, foi recibido no concello de Foz, escrito presentado por D. Rafael Sánchez-Ostiz Gutiérrez, actuando en representación de Asesoría de Barreras Arquitectónicas ASBAR S.L. (B31298334), así como, de Innovación e Desenvolvemento Asistencial SL (B31820194), mediante o que comunica a constitución por ASBAR SL, dunha nova sociedade “Servicios Socio Sanitarios de Galicia SL”, á que pretenden en aplicación do artigo 98 da LCSP atribuír en réxime de sucesión do contratista, o contrato de concesión de servizos de Residencia e Centro de Día de Foz.

Con data 22/03/19, foi concedida a favor do Concello de Foz, autorización de inicio de actividade da Residencia e Centro de Día sitos na rúa do Cemiterio s/n de Foz.

Con data 28/03/19, foi presentada por Innovación e Desenvolvemento Asistencial SL (B31820194), escritura pública de data 28/11/16, sobre declaración de unipersonalidade da mercantil Innovación e Desenvolvemento Asistencial SL (B31820194), constando como socio único da mesma Asesoría de Barreras Arquitectónicas ASBAR SL.

Con data 02/09/19 e rexistro de entrada 2019-E-RC-335, D. Rafael Sánchez-Ostiz Gutiérrez empregando certificado dixital da mercantil Servicios Socio Sanitarios Galicia SL (B71368096), presentou escrito no que afirma actuar en nome e representación de Asesoría de Barreras Arquitectónicas ASBAR SL, mediante o cal solicita en virtude do artigo 214 da LCSP e da cláusula VIXESIMOCUARTA do prego de cláusulas administrativas particulares, autorización para todos os efectos da cesión do contrato entre Innovación e Desenvolvemento Asistencias SL e Servicios Socio Sanitarios de Galicia SL en relación á xestión da Residencia e Centro de Día de Foz.

Con data 13/11/19 e rexistro de entrada 2019-E-RC-440, D. Rafael Sánchez-Ostiz Gutiérrez empregando certificado dixital da mercantil Servicios Socio Sanitarios de Galicia SL (B71368096), presentou escrito no que actuando en representación de Asesoría de Barreras Arquitectónicas ASBAR SL (B31298334); Innovación e Desenvolvemento Asistencial SL (B31820194) e de Servicios Socio Sanitarios de Galicia SL (B71368096), no que recoñece o erro no escrito de 02/09/19 de petición de cesión de contrato, solicita que se teña por formalizada sucesión do contratista.

Con data 13/05/20, foi emitido informe de secretaría 2020-0027, no que se fai un análise integral do estado do contrato de concesión do servizo de Residencia e Centro de Día do Concello de Foz, facendo especial mención á figura da sucesión do contratista prevista na vixente LCSP, concluíndo que non procede no presente caso, sendo posible a alternativa da cesión do contrato prevista no artigo 214 da LCSP.

Con data 19/05/20 e rexistro de entrada 2020-E-RC-350, foi presentada por D. Rafael Sánchez-Ostiz Gutiérrez empregando certificado dixital da mercantil Innovación e Desenvolvemento Asistencial SL (B31820194), solicitude de copia do expediente de sucesión do contrato, e especialmente o informe de secretaría 2020-0027.

Con data 19/05/20 foi ditado Decreto de Alcaldía 2020-0300, polo que se autoriza a entrega da documentación solicitada, sendo notificado dito decreto con data 20/05/20 e recibido pola interesada o mesmo día 20/05/20.

Con data 01/06/20 e rexistro de entrada 2020-E-RC-407, foi presentada por D. Rafael Sánchez-Ostiz Gutiérrez empregando certificado dixital a mercantil Innovación e Desenvolvemento





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Asistencial SL (B31820194), solicitude manifestando o seu desestimento á petición de sucesión de empresa e solicitando cesión do contrato de concesión da Residencia e Centro de Día de Foz a favor da mercantil "Servicios Socio Sanitarios Galicia SL (B71368096).

Con data 03/06/20 e rexistro de saída 2020-S-RC-461, foi formulado polo Concello de Foz requirimento de subsanación de deficiencias, recibido pola interesada con data 04/06/20.

Con data 16/06/20 e rexistro de entrada 2020-E-RC-460, foi presentada por D. Rafael Sánchez-Ostiz Gutiérrez empregando certificado dixital da mercantil Innovación e Desenvolvemento Asistencial SL (B31820194), documentación requirida, sendo que con data 01/07/20 e rexistro de entrada 2020-E-RC-500 presentase documentación adicional á presentada con data 16/06/20.

Con data 06/07/20 foi emitido informe polo responsable do contrato, favorable a cesión do contrato de concesión do servizo de Residencia e Centro de Día de Foz.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o Informe de Secretaría 2020-0027, así como, o informe do responsable do contrato e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, PROPOÑO:

PRIMEIRO: Autorizar a cesión do contrato Cesión do Contrato de concesión de servizos da Residencia e Centro de Día do concello de Foz por parte da adxudicataria "Innovación e Desenvolvemento Asistencial SL", titular do CIF B31820194, a favor da mercantil "Servicios Socio Sanitarios Galicia SL", titular do CIF B71368096.

A partir deste momento o cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigacións que correspondían ao cedente, e que se desprenden do contrato formalizado no seu día, dos pregos de cláusulas administrativas particulares, os pregos de prescricións técnicas, así como, da oferta económica e técnica presentada no seu día pola entón adxudicataria e agora cedente.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ao cesionario –Servicios Socio Sanitarios Galicia SL (B71368096)- e requirirille para que dentro de quince días hábiles seguintes ao da data en que reciba a presente notificación presente ante esta administración a seguinte documentación:

1.Documento acreditativo da constitución da garantía definitiva por importe de 69.480 € ao seu nome.

2.Orixinal da escritura pública na que se formaliza a cesión autorizada conforme ao previsto no artigo 214.2) e) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, na que conste expresamente que o cesionario queda subrogado en todos os dereitos e obrigacións que correspondían ao cedente, e que se desprenden do contrato formalizado no seu día, dos pregos de cláusulas administrativas particulares, os pregos de prescricións técnicas, así como, da oferta económica e técnica presentada no seu día pola entón adxudicataria e agora cedente.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo ao cedente –Innovación e Desenvolvemento Asistencial SL (B31820194)- “.

Ábrese polo Sr Alcalde-presidente **unha quenda de intervencións**, expoñendo que o



asunto que se somete a debate, supón a cesión do contrato da residencia e centro de día entre empresas do mesmo grupo.

Polo grupo municipal do PP, toma a palabra o concelleiro D. Javier Jorge Castiñeira, quen inicialmente se manifesta a favor do asunto que se somete a debate, se ben, aproveita a ocasión para preocuparse polo estado no que atopa a xestión dos servizos do centro de día, logo de terse denunciado que se poderían estar prestando nalgún caso servizos fora do contratado.

Finaliza a súa intervención, desexando moito ánimo a todos/as os/as residentes e traballadores/as da residencia de Foz polos momentos difíciles que estamos a vivir como sociedade.

A continuación, o voceiro do grupo municipal do BNG o concelleiro D. Iago Villamil Cajoto, mostra a conformidade do seu grupo co expediente que se somete a aprobación.

O señor alcalde concede a palabra ao voceiro do grupo municipal de FPF D. Víctor Couto Barrientos, quen opta por non facer uso da palabra.

Toma a palabra o Sr Alcalde para responder ao Sr Jorge Castiñeira que o expediente que se somete a debate e votación e un primeiro paso no proceso de adaptación do contrato de concesión da residencia e centro de día.

Remata o debate o Sr Alcalde, sumándose aos bos desexos aos/ás residentes e traballadores/as da residencia e centro de día de Foz.

Rematado o debate, e sometido a votación o punto da orde do día, o Pleno municipal pola **unanimidade** dos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e FPF, **aproba o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO: Autorizar a cesión do contrato Cesión do Contrato de concesión de servizos da Residencia e Centro de Día do concello de Foz por parte da adxudicataria “Innovación e Desenvolvemento Asistencial SL”, titular do CIF B31820194, a favor da mercantil “Servicios Socio Sanitarios Galicia SL”, titular do CIF B71368096.

A partir deste momento o cesionario quedará subrogado en todos os dereitos e obrigacións que correspondían ao cedente, e que se desprenden do contrato formalizado no seu día, dos pregos de cláusulas administrativos particulares, os pregos de prescricións técnicas, así como, da oferta económica e técnica presentada no seu día pola entón adxudicataria e agora cedente.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo ao cesionario –Servicios Socio Sanitarios Galicia SL (B71368096)- e requirirle para que dentro de quince días hábiles seguintes ao da data en que reciba a presente notificación presente ante esta administración a seguinte documentación:

1.Documento acreditativo da constitución da garantía definitiva por importe de 69.480 € ao seu nome.





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

2.Orixinal da escritura pública na que se formaliza a cesión autorizada conforme ao previsto no artigo 214.2) e) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, na que conste expresamente que o cesionario queda subrogado en todos os dereitos e obrigacións que correspondían ao cedente, e que se desprenden do contrato formalizado no seu día, dos pregos de cláusulas administrativas particulares, os pregos de prescricións técnicas, así como, da oferta económica e técnica presentada no seu día pola entón adxudicataria e agora cedente.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo ao cedente –Innovación e Desenvolvemento Asistencial SL (B31820194)- .-

4.- EXPEDIENTE 83/2020: APROBACIÓN SE PROCEDE DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS PREPARATORIOS DO PLENO SOBRE APROBACIÓN DO LÍMITE DO GASTO NON FINANCEIRO.-

Polo Sr Alcalde, concédese a palabra ao Secretario municipal para dar lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios do Pleno en data 23 de xullo de 2020 sobre aprobación do límite do gasto non financeiro, cuxo teor literal é o seguinte:

“ O artigo 30 da LOEPSF establece que as Corporacións Locais aprobarán, nos seus ámbitos respectivos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto (definida no artigo 12 da dita lei), que marcará el teito da asignación de recursos dos seus orzamentos.

Para calculalo pódese partir dos ingresos non financeiros previstos e validar posteriormente o cumprimento da regra de gasto ou á inversa, é dicir, a partir do límite máximo de gasto computable e validar posteriormente a coherencia co obxectivo de estabilidade orzamentaria fixado.

No referente o cálculo da estabilidade para o Orzamento do Concello de Foz do ano 2020 é o seguinte:

PRESUPUESTO DE INGRESOS	AYUNTAMIENTO	ENTE DEPENDIENTE	CONSOLIDADO
<i>Capítulo 1: Impuesto Directos</i>	3.359.980,00		3.359.980,00
<i>Capítulo 2: Impuesto Indirectos</i>	-150.000,00		-150.000,00
<i>Capítulo 3: Tasas y otros ingresos</i>	1.518.712,82		1.518.712,82
<i>Capítulo 4: Transferencias corrientes</i>	2.817.741,63		2.817.741,63
<i>Capítulo 5: Ingresos patrimoniales</i>	501.000,00		501.000,00
<i>Capítulo 6: Enajenación de inversiones</i>	0,00		0,00
<i>Capítulo 7: Transferencias de capital</i>	0,00		0,00
A) TOTAL INGRESOS (Capítulos I a VII)	8.047.434,45	0,00	8.047.434,45
PRESUPUESTO DE GASTOS	AYUNTAMIENTO	ENTE DEPENDIENTE	CONSOLIDADO
<i>Capítulo 1: Gastos de personal</i>	3.033.389,67		3.033.389,67
<i>Capítulo 2: Compra de bienes y servicios</i>	3.738.737,46		3.738.737,46



Capítulo 3: Gastos financieros	4.950,00		4.950,00
Capítulo 4: Transferencias corrientes	338.150,00		338.150,00
Capítulo 5: Fondo de Contingencia	0,00		0,00
Capítulo 6: Inversiones reales	232.818,49		232.818,49
Capítulo 7: Transferencias de capital	0,00		0,00
B) TOTAL GASTOS (Capítulos I a VII)	7.348.045,62	0,00	7.348.045,62
A - B = C) ESTABILIDAD/ NO ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA	699.388,83	0,00	699.388,83
D) AJUSTES SEC-10			0,00
C+D= F) ESTABILIDAD/ ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA	699.388,83	0,00	699.388,83

Axustes SEC a estabilidad:

	Derechos Reconocidos Netos 20__	Recaudación 20__			AJUSTES			% de ajuste	Previsiones Iniciales	AJUSTE SEC
		PPTO. Corriente	PPTO. Cerrado	Total	Negativo	Positivo	TOTAL			
Impuestos Directos	3.371.398,85	2.826.330,08	551.903,06	3.378.233,14	0,00	6.834,29	6.834,29	0,20%	3.359.980,00	6.811,14
Impuestos Indirectos	-81.883,77	-81.883,77	0,00	-81.883,77	0,00	0,00	0,00	0,00%	-150.000,00	0,00
Tasas y otros ingresos	1.764.914,06	1.186.467,12	531.260,04	1.717.727,16	-47.186,90	0,00	-47.186,90	-2,67%	1.518.712,82	-40.604,44
TOTAL	5.054.429,14	3.930.913,43	1.083.163,10	5.014.076,53	-47.186,90	6.834,29	-40.352,61	-2,47%	4.728.692,82	-33.793,30

IMPORTE DEL AJUSTE 1. IMPUESTOS, COTIZACIONES SOCIALES, TASAS Y OTROS INGRESOS **-33.793,30**

Año	Contabilidad presupuestaria	Contabilidad nacional	AJUSTES		
	Intereses (Cap.3 de Gastos)	Intereses	Negativo	Positivo	TOTAL
2020	4.950,00	3.750,00	0,00	1.200,00	1.200,00

IMPORTE DEL AJUSTE 3. TRATAMIENTO DE LOS INTERESES **1.200,00**





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

OBJETIVO QUE SE ESTÁ EVALUANDO: ESTABILIDAD ←

Año	Cuentas «413» y/o «555»		AJUSTES		TOTAL
	Saldo inicial	Saldo final	Negativo	Positivo	
2020	433.260,84	426.321,03	0,00	6.939,81	6.939,81

IMPORTE DEL AJUSTE 14. GASTOS REALIZADOS EN EL EJERCICIO Y PENDIENTES DE APLICAR AL PRESUPUESTO DE GASTOS DE LA CORPORACIÓN LOCAL	6.939,81
--	-----------------

AJUSTES SEC-10	
Ajuste 1. Impuestos, cotizaciones sociales, tasas y otros ingresos	-33.793,30
Ajuste 2. Entregas a cuenta de impuestos cedidos, del fondo complementario de financiación y del fondo de financiación de asistencia sanitaria.	
Ajuste 3. Tratamiento de los intereses.	1.200,00
Ajuste 4. Inversiones realizadas por el sistema de «abono total del precio».	
Ajuste 5. Inversiones realizadas por cuenta de corporaciones locales.	
Ajuste 6. Consolidación de transferencias entre administraciones públicas.	
Ajuste 7. Tratamiento de los ingresos obtenidos por la venta de acciones (privatización de empresas).	
Ajuste 8. Tratamiento de los dividendos y participación en beneficios.	
Ajuste 9. Ingresos obtenidos del presupuesto de la unión europea.	
Ajuste 10. Operaciones de permuta financiera (swaps).	
Ajuste 11. Operaciones de ejecución y reintegro de avales.	
Ajuste 12. Aportaciones de capital a empresas públicas.	
Ajuste 13. Asunción y cancelación de deudas de empresas públicas.	
Ajuste 14. Gastos realizados en el ejercicio y pendientes de aplicar al presupuesto de gastos de la corporación local. (AJUSTE «CUENTAS 413 y/o 555»)	6.939,81
Ajuste 15. Tratamiento de las operaciones de censos	
Importe Total de AJUSTES SEC-10	-25.653,49

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA	699.388,83
AXUSTES SEC 10	-25.653,49



TOTAL	673.735,34
--------------	-------------------

Para obter o teito de gasto non financeiro deben sumarse aos gastos previstos no orzamento 7.348.045,62 euros o axuste da estabilidade orzamentaria por un importe de 673.735.34 o cal arroxa un total de **8.021.780,90 euros**, o cal sería o límite do gasto non financeiro coherente coa estabilidade.

En todo caso, no referente a regra de gasto, cabe destacar que o cálculo da regra de gasto non é obrigatorio na realización do Orzamento, se non que debe levarse a cabo un control trimestral tal é como se recolle na **Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, publicada no BOE o 8 de novembro**, polo que se realiza e meros efectos estimativos.

O cálculo do gasto computable do **exercicio 2020** é o seguinte:

	CALCULO DA REGRA DE GASTO	Ano 2019
+	Cap. 1 Gastos de Persoal	3.033.389,67 €
+	Cap. 2 Gastos en bens correntes e servizos	3.738737,46 €
+	Cap. 3 Gastos financeiros	4.950,00 €
+	Cap. 4 Transferencias correntes	338.150,00 €
+	Cap. 5 Fondo de contingencia	0,00 €
+	Cap. 6 Investimentos reais	232.818,49 €
+	Cap. 7 Transferencias de capital	0,00 €
=	A) EMPREGOS NON FINANCEIROS	7.348.045,62 €
+/-	Axustes SEC 10 do estado de gastos	
	(+/-) Gastos realizados en el ejercicio pendientes de aplicar al presupuesto	-6.939,81 €
	(+/-) Ajuste por grado de ejecución del gasto	-720.589,60€
	- Alieamento de terreos e demais invest. Reais	- €
+/-	Axustes de consolidación orzamentaria	- €
=	B) EMPREGOS NON FINANCEIROS AXUSTADOS	€
-	Intereses da débeda	-1.200,00 €
-	Gastos financiados con fondos finalistas da UE/AAPP	-405.765.98
-	Gastos derivados de Invest. Financ. sostibles	0,00 €
=	GASTO COMPUTABLE	6.213.550,23 €

(-)	Aumentos permanentes de recaudación(art. 12.4)	
(+)	Reduccions permanentes de recadación /art. 12.4)	
=	GASTO COMPUTABLE.	6.213.550,23€

Variación do gasto computable		-14,48% aprox.
Taxa de referencia crecemento PIB m/p		2,90%

CUMPLE COA REGRA DE GASTO	1.134.495,39€
----------------------------------	----------------------

CÁLCULO DEL LÍMITE DEL GASTO		
=	Límite da regra de gasto	7.475.125,84€
+	AUMENTOS DE RECADACIÓN	
-	REDUCCIÓN DE RECADACIÓN	





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

+	XUROS DA DÉBEDA	1.200,00€
+	AXUSTES CONSOLIDACIÓN ORZAMENTARIA	
+	GASTOS FINANCIADOS CON FONDOS DE OUTRAS ADMINISTRACIÓNS	405.765,98€
+	DISMINUCIÓN GASTO COMPUTABLE POR INVERSIÓN FINANCEIRAMENTE SOSTIBLES.	
(+/-)	AXUSTES SEC 10	727.529,41€
=	LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO.	8.609.621,23€

Polo tanto, o límite de gasto non financeiro dos orzamentos do ámbito do Concello de Foz en termos consolidados (perímetro SEC-2010) para 2020 é 8.609.621,23 euros.

Nembargante, debe terse en conta que existía un PEF, que marcaba un límite da gasto financeiro moi inferior, e debido o incumprimento do mesmo, sendo este PEF, incongruente coa realidade e non realista, en base as comunicacións co órgano de tutela financeira, acordouse partir para os cálculos do gasto computable do ano 2019.

Posto que o límite de gasto que arroxaría o PEF para o 2020 non é un límite real, non sendo compatible co cumprimento dos servizos básicos do Concello de Foz, polo que segundo o cálculos plantexados polo órgano de tutela financeira, non debería superar o gasto computable os 7.475.125,84€.

Tendo en conta que a taxa de referencia do crecemento do Produto Interior Bruto, publicada polo Ministerio de Economía e Competitividade é do 2,90%, o límite da regra de gasto para 2020 queda establecida en 7.475.125,84 euros, segundo o seguinte cálculo:

Limite do gasto computable para 2019 segundo o criterio de política financeira	7.264.456,70 €
Taxa de referencia crecemento do PIB m/p	2,90%
Incremento por aplicación da regra de gasto	210.669,24€
Límite da regra de gasto	7.475.125,84 €

Deste xeito, o límite de gasto non financeiro dos orzamentos do ámbito do Concello de Foz en termos consolidados (perímetro SEC-2010) para 2020 é de **8.021.780,90** euros, o menor dos calculados anteriormente:

Gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade	8.021.780,90 €
Gasto non financeiro coherente co obxectivo de regra de gasto	8.609.621,23 €
Límite de gasto non financeiro	8.021.780,90€

Deste xeito, o límite de gasto non financeiro dos orzamentos do ámbito do Concello de Foz en termos consolidados (perímetro SEC-2010) para 2020 debe ser a menor de ambas cantidades, é dicir **8.021.780,90 euros**.

Por todo o exposto, propoño ao Concello-Pleno a adopción do seguinte acordo:



Primeiro.- Aprobar, en cumprimento do establecido no artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, modificada pola Lei Orgánica 4/2012, **o límite máximo de gasto non financeiro no importe de 8.021.780,90 euros**, cantidade coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos do orzamento do Concello de Foz para 2020 nos termos definidos polo Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais SEC-2010 “.

Ábrese polo Sr Alcalde-presidente unha **quenda de intervencións**, concedendo a palabra á concelleira do grupo municipal do PSG-PSOE e segunda tenente de alcaldía D^a Inés López Couto.

Expón a Sra López expoñendo que neste caso, trátase dun expediente que se tramita previamente ao orzamento municipal e en coherencia co mesmo, consecuencia dos cálculos elaborados dende a intervención do concello á vista dos datos económicos existente.

Polo grupo municipal do PP, toma a palabra o concelleiro D. Javier Jorge Castiñeira, logo de recoñecer o carácter administrativo e previo á tramitación dos orzamentos xerais do concello, pregunta á Sra López sobre a orixe dos ingresos previstos en materia de “ingresos patrimoniais” (capítulo 5) por importe de cincocentos mil euros (500.000 €).

A continuación, o voceiro do grupo municipal do BNG o concelleiro D. Iago Villamil Cajoto, ratifica a postura favorable do seu grupo ao punto que se somete a debate, logo de terse mostrado a favor na comisión informativa previa.

O señor alcalde concede a palabra ao voceiro do grupo municipal de FPF D. Víctor Couto Barrientos, quen informa que votará a favor da proposta ao igual que fixo na comisión informativa previa.

A continuación polo Sr Alcalde-presidente **ábrese unha segunda quenda de intervencións**, concedendo a palabra á concelleira do grupo municipal do PSG-PSOE e segunda tenente de alcaldía D^a Inés López Couto.

A Sra López Couto, informa ao Sr Jorge Castiñeira que a previsión de ingresos patrimoniais por importe de cincocentos mil euros, responde ao canon que prevén ingresar logo de licitar o novo contrato de concesión da auga.

Polo grupo municipal do PP, intervén nesta segunda quenda novamente o Sr Jorge Castiñeira, para mostrarse sorprendido ante a previsión do goberno local, cando tradicionalmente o grupo municipal do PSOE defendía a “remunicipalización” dos servizos do ciclo integral da auga e mostra a súas dúbidas á posible recadación de dito canon durante o ano 2020, sendo que aínda non se ten incoado o oportuno expediente de licitación do contrato de concesión do ciclo integral da auga.

Toma a palabra o Sr Alcalde para informar de que están traballando co obxectivo de licitar dito contrato, lembrando que dito expediente quedara sobre a mesa a petición do PP durante o último pleno celebrado no mandato anterior, o que motiva que o novo goberno estea a realizar a oportuna adaptación dos pregos para entre outras medidas, prever a futura entrada en funcionamento da nova estación depuradora.

Rematado o debate, e sometido a votación o punto da orde do día, o Pleno municipal pola





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

unanimidade dos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e FPF, **aproba o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar, en cumprimento do establecido no artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, modificada pola Lei Orgánica 4/2012, o límite máximo de gasto non financeiro no importe de 8.021.780,90 euros, cantidade coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos do orzamento do Concello de Foz para 2020 nos termos definidos polo Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais SEC-2010.-

5.- EXPEDIENTE 22/2020: APROBACIÓN SE PROCEDE DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS PREPARATORIOS DO PLENO SOBRE APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE FOZ 2020.-

Polo Sr Alcalde, concédese a palabra ao Secretario municipal para dar lectura ao ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios do Pleno en data 23 de xullo de 2020 sobre aprobación inicial do orzamento xeral do Concello de Foz 2020, cuxo teor literal é o seguinte:

“Vista a necesidade de proceder á aprobación do orzamento municipal para o presente exercicio 2.020.

Vistos o proxecto de orzamento, os anexos o proxecto de Orzamento, a liquidación do 2019 e demais información que se recolle no expediente.

Visto o informe de avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e límite de débeda.

Visto o informe sobre o Orzamento por parte de Intervención, con observacións.

Vista a mesa de negociación celebrada o día 14 de xullo do ano 2020. Da que existe dilixencia emitida por esta alcaldía.

Considerando o disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, e no RD 500/1990, do 20 de abril.

Considerando o artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, que establece que o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán un límite de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación dos recursos dos seus orzamentos.

*De acordo co análise do límite de gasto non financeiro, recollido no expediente 83/2020, que debe aprobarse de maneira previa a este expediente e que **ascende a 8.021.780,90 euros.***



Propoño ao Pleno do Concello que, previa deliberación e exame do expediente, aprrobe a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral para o exercicio 2020 por importe de **8.047.434,45€** no Estado de Ingresos e **7.386.395,62€** no Estado de Gastos, xunto coas súas Bases de execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte consta dos seguintes documentos.

1. Estados de Gastos e Ingresos, integrados á súa vez polas listaxes proporcionadas pola aplicación informática empregada na levanza da contabilidade.
2. Bases de execución.
3. Memoria da Alcaldía.
4. Informe económico - financeiro.
5. Anexo de investimentos.
6. Anexo de persoal.
7. Estado da débeda (estado de previsión de movementos e situación da débeda).
8. Anexo de convenios.
9. Anexo de subvencións nominativas.
10. Anexo de beneficios fiscais.
11. Liquidación do exercicio 2019.

ESTADO DE INGRESOS		
RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
A) OPERACIÓNSCORRENTES		
1	IMPOSTOS DIRECTOS	3.359.980,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	-150.000,00
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	1.518.712,82
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.817.741,63
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	501.000,00
B) OPERACIÓNSECAPITAL		
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
B) OPERACIÓNSEFINANCEIRAS		
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL DO ESTADO DE INGRESOS		8.047.434,45€

ESTADO DE GASTOS		
RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
A) OPERACIÓNSE CORRENTES		
1	GASTOS DE PERSOAL	3.033.389,67
2	GASTOS CORRENTES E SERVIZOS	3.738.737,46
3	GASTOS FINANCEIROS	4.950,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	338.150,00
5	FONDO DE CONTINXENCIA	0,00
B) OPERACIÓNSECAPITAL		
6	INVESTIMENTOS REAIS	232.818,49
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
B) OPERACIÓNSEFINANCEIRAS		
8	ACTIVOS FINANCEIROS	550,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	37.800,00
TOTAL DO ESTADO DE GASTOS		7.386.395,62€





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

SEGUNDO.- Que se entendan anuladas en virtude do artigo 21.6 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988 de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, actualmente Texto refundido, ao entender que ditas modificacións considéranse incluídas nos créditos iniciais, as cales son as seguintes:

MC 1/2020.Expediente 67/2020. Parque infantil colexio nº1º.

DISMINUCIÓN

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
323.22700	14.879,98€
TOTAL	14.879,98€

AUMENTO

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
323.68201	14.879,98€
TOTAL	14.879,98€

MC 7/2020. Expediente 425/2020. Ordenadores Policía Local e AEDL.

DISMINUCIÓN

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
920.22199	543,29€
132.22199	560,00€
TOTAL	1.103,29€

AUMENTO

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
920.63600	543,29€
132.63600	560,00€
TOTAL	1.103,29€

MC. 12/2020. Expediente 612/2020.Camión lixo.

DISMINUCIÓN

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
--------------------------------	----------------



153.22799 Vías públicas, trabajos realizados por otras empresas	75.020,00€
TOTAL	75.020,00€

AUMENTO

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
1621.63400 Recollida de residuos. Elementos de transporte.	75.020,00
TOTAL	75.020,00€

MC 13/2020. Expediente 691/2020. Mobiliario canceira, exceso de medición alemparte, compra camión usado e vial de Alfoz a Foz.

DISMINUCIÓN

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
171.22799	54.694,33€
TOTAL	54.694,33€

AUMENTO

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
153.619001. exceso medición obra alemparte	4.601,26€
153.619002 enlace vial Alfoz-Foz	14.709,51€
172.62500 mobiliario canceira municipal	5.383,56€
1621.63400 compra camión usado lixo	30.000,00€
TOTAL	54.694,33

MC 18/2020. Expediente 159/2020. Indemnización aportación municipal a fondo non competitivo.

DISMINUCIÓN

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
1621.20300	58,25€
TOTAL	58,25€

AUMENTO

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
1622.63300	58,25€





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

TOTAL	58.25€
--------------	---------------

TERCEIRO.- Aprobar o Cadro de Persoal do Concello de Foz, tanto de funcionarios como de persoal laboral, segundo figura no expediente e, aprobar, consonte ao establecido no artigo 103.bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, a masa salarial do persoal laboral ao servizo do Concello de Foz, que ascende a 1.254.448,95 euros, a cal debe ser publicada na sede electrónica da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia ou no seu caso da Comunidad Autónoma uniprovincial no prazo de 20 días.

CUARTO.- Dar conta do Informe de cumprimento da Estabilidade Orzamentaria do Proxecto de Orzamento para 2020 e do cumprimento do límite de débeda.

QUINTO.- Que se expoña ó público polo prazo de quince días hábiles, ós efectos de reclamacións, consonte co disposto no artigo 169.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

SEXTO.- De non se presentaren reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello, xuntamente co cadro de persoal, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril e 169.3 do RDL 2/2004; noutro caso procederase de acordo co previsto no número 1 do artigo 169 do RDL 2/2004 citada.

SÉTIMO.- Remitir copia á Administración do Estado así como, á o órgano de Goberno da CC.AA”.

Ábrese polo Sr Alcalde-presidente unha **quenda de intervencións**, concedendo a palabra á concelleira do grupo municipal do PSG-PSOE e segunda tenente de alcaldía D^a Inés López Couto.

Comeza a Sra López a súa intervención en defensa dos orzamentos xerais do concello de Foz para o ano 2020 recoñecendo que chegan con atraso ante a necesidade de realizar un traballo serio.

A continuación, destaca o incremento do gasto prevista na partida de axuda no fogar en preto de cen mil euros (100.000 €) o que supón que ascenda en total a preto de setecentos cincuenta mil euros (750.000 €), así como, o incremento nas axudas por emerxencia social en máis dun sesenta por cento.

Por outra banda, lembra a existencia dunha partida para a adquisición de alimentos que entenden de grande importancia nos tempos que estamos a vivir, co fin de outorgar resposta ás necesidades máis urxentes da veciñanza de Foz.

Asevera que a través dos orzamentos propostos, ponse de manifesto unha clara aposta polo emprego, coa financiación da contratación de máis socorristas que vixien os areais de Foz; coa aposta decida pola obtención de proxectos de contratación de persoas beneficiarias do RISGA ou a petición de obradoiros de emprego, así como, coa creación



dun plan de emprego municipal con financiación a cargo do Plan Único Provincial por importe de máis de cen mil euros (100.000 €).

Noutra orde de cousas, destaca que os orzamentos presentados poñen de manifesto unha aposta polo benestar comunitario, coa renovación do parque móbil municipal para unha maior eficiencia no servizo de recollida de lixo, así como, na defensa do medio ambiente con proxectos coma os composteiros; a loita contra a velutina ou as accións encamiñadas a cumprir co Pacto dos Alcalde.

Manifesta que os orzamentos presentados foron traballados coa axuda doutras administracións, agardando dar cumprimento a normativa sobre estabilidade orzamentaria, sendo que para tal fin, será sometido a aprobación o oportuno Plan Económico Financeiro en vindeiras sesións plenarias.

Finaliza a súa primeira intervención a Sra López, aseverando que se trata duns orzamentos serios e traballados, cos que agardan que o concello de Foz, poda ter acceso a todos os proxectos que se ofrezan dende o estado, logo de cumprir coas distintas normativas impostas en materia económica e que constitúen en todo caso, uns orzamentos dirixidos á veciñanza de Foz.

Polo grupo municipal do PP, toma a palabra o concelleiro D. Javier Jorge Castiñeira, quen quere aproveitar a súa primeira intervención no debate dos primeiros orzamentos do actual equipo de goberno, para lembrar unhas declaración do entón candidato polo PSOE de Foz, nas que denunciaba a demora na presentación dos orzamentos por parte do anterior equipo de goberno para o mandato 2019, presentados no mes de marzo dese mesmo ano, e lamenta ironía que supón dita crítica cando meses despois os primeiros orzamentos do actual alcalde son presentados no mes de xullo do ano para o que deberan estar aprobados.

Continúa a súa crítica á acción do goberno municipal expoñendo, que se ben os seus últimos orzamentos como alcalde foron presentados no mes de marzo, ditos orzamentos foran pactados co grupo municipal de FPF e estaban acompañados do oportuno Plan Económico Financeiro, mentres que nesta ocasión, non se presenta o oportuno Plan Económico Financeiro o que na súa opinión suporá, que dende o Consello de Contas sexa remitido o oportuno requirimento para declarar indispoñible unha partida de máis de cento cincuenta mil euros (150.000 €) nos seus orzamentos serios e rigorosos.

Diríxese á Sra López Couto para lembrarlle que o seu principal cometido como concelleira de facenda son os orzamentos xerais da corporación, máxime, cando conta con media dedicación, e advírtelle de que dita tarefa chegan con moita demora, e sen ter sido negociados en ningún punto coa oposición, o que supón unha ruptura coa postura do anterior equipo de goberno, o cal, sempre tentou negociar os orzamentos municipais coa oposición.

Na súa intervención, denuncia que os membros do grupo municipal do BNG pasaron de defender a elaboración dun plenos participativos nos que colaborarían as asociacións ou a veciñanza, a presentar uns orzamentos nos que non tivo participación nin a oposición.

A continuación, O Sr Jorge Castiñeira dirixíxese ao Sr Alcalde para lembrarlle que no programa electoral do PSOE, propoñían unha rebaixa de impostos municipais, a cal





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

entende especialmente importante nos momentos que estamos atravesando, pero da que nada se sabe. Lembra que o goberno de Foz é o único goberno municipal da bisbarra destas características, que non ten intención de desenrolar un plan de axudas ao tecido económico local no actual contexto de crise sanitaria, e asevera que o actual goberno municipal non está a realizar esforzo algún, xa que o incremento no gasto do servizo de axuda no fogar ou os obradoiros que defenden que van a desenrolar, contan con financiación da Xunta de Galicia.

Remata a súa primeira intervención o Sr Jorge Castiñeira, denunciando unha nova contradición do actual equipo de goberno, xa que cando estaban na oposición, denunciaban que os créditos consignados para pagar traballos realizados por outras empresas eran moi elevados, mentres que nos seus primeiros orzamentos increméntanse as partidas para traballos a realizar por empresas en servizos como o de recollida de lixo; mantemento da alumeado; cultura ou deportes.

Toma a palabra o Sr Alcalde para destacar en resposta as reiteradas críticas sobre a media dedicación asignada a favor da segunda tenente de alcalde, que tamén é a primeira vez na historia do concello de Foz, que o voceiro da oposición conta cunha dedicación completa, formulando o primeiro apercibindo ao Sr Jorge por intervir sen terlle sido concedida queda de palabra.

A continuación, o voceiro do grupo municipal do BNG o concelleiro D. Iago Villamil Cajoto, responde so Sr Jorge, que os orzamentos do ano 2019 foron sometidos a pleno en abril de 2019 e non e marzo.

Recoñece que os orzamentos xerais para o ano 2020, preséntanse máis tarde do que lles gustaría, pero recorda que estamos a vivir unha situación de crise sanitaria sen precedentes coa pandemia do COVID-19, o que demorou a aprobación de todos os orzamentos municipais da bisbarra.

Logo de reiterar o seu lamento pola demora na presentación dos orzamentos, afirma que un dos motivos polos que se ten producido dita demora, é a situación económica na que se atopaba o concello de Foz logo dos últimos catro anos do anterior goberno do PP, o que provocou un esforzo extra por parte da concelleira de Facenda para afrontar a difícil situación económica que se atoparon.

Denuncia, que os orzamentos xerais do concello de Foz nos últimos exercicios foron unha ficción, ao estar sobredimensionados e carecer do debido realismo, cuestionando que como consecuencia de ditos orzamentos, fora preciso aprobar un recoñecemento extraxudicial de créditos por preto de setecentos mil euros (700.000 €). Entende que nesta ocasión, os orzamentos presentados son realistas, e agardan devolver ao concello de Foz á senda da normalidade e liberalo da intervención externa á que se atopa sometida na actualidade.



Finaliza a súa primeira intervención querendo destacar, que cos orzamentos presentados se produce un incremento dos gastos destinados a investimentos e acción social que entenden, están no camiño de permitir realizar no resto do mandato parte dos proxectos que tiñan previsto executar.

O señor alcalde concede a palabra ao voceiro do grupo municipal de FPF D. Víctor Couto Barrientos, quen critica ao igual que o voceiro do grupo municipal do PP, a falta de dialogo que mostra o equipo de goberno ao non presentar os orzamentos a oposición antes de ter coñecemento dos mesmos a través da oportuna convocatoria, e cuestiona que pese á presenza dunha partida para gastos polo COVID-19, non se faga efectivo un plan de axudas ao tecido económico local que tanto demanda a hostalería e o comercio.

A continuación polo Sr Alcalde-presidente **ábrese unha segunda quenda de intervencións**, concedendo a palabra á concelleira do grupo municipal do PSG-PSOE e segunda tenente de alcaldía D^a Inés López Couto.

A Sra López Couto, comeza a súa segunda quenda de intervención afirmando que ela sempre dará a cara ante posibles erros que comenta, mentres que se mostra abraiada ante a actitude do Sr Jorge Castiñeira na defensa da xestión económica levada a cabo durante o seu mandato, no cal, durante oito anos nos que xa estaba vixente a Lei de Estabilidade Orzamentaria, se incumpriu sistematicamente dita norma, o que apoia na lectura parcial de diversos informes de intervención.

Por outra banda, afirma que a necesidade de negociar os orzamentos durante o goberno anterior viña imposta pola propia situación de minoría na que se atopaba dito goberno, mentres que no referente á implantación dun plan de axudas, expón que na súa opinión, a mellor axuda que se pode ofrecer ao tecido económico local é a través de creación de emprego, o que suporá novas dinámicas e demandas económicas que redunden en beneficio do tecido económico local.

Remata a súa intervención, denunciando a necesidade de financiar o servizo de axuda no fogar con fondos municipais pese a tratarse dunha competencia propia da Xunta de Galicia, e afirmando que o incremento das partidas destinadas a contratación de empresas é consecuencia da acción dun goberno realista que agarda non ter que someter a recoñecemento extraxudicial múltiples facturas por non contar con crédito axeitado e suficiente.

Polo grupo municipal do PP, intervén nesta segunda quenda o Sr Jorge Castiñeira, dando a benvinda á realidade ao goberno municipal.

Defende que durante o seu goberno, na redacción inicial dos orzamentos, os servizos prestados por outras empresas estaban debidamente cuantificados, sendo que neses momentos o PSOE requiría unha rebaixa nas partidas destinadas a gastos por outras empresas, o que supoñía que se minorasen ditas partidas pese a saber que os custos previstos en ditos servizos serían superiores e que finalmente terían que ser aprobados no oportuno expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos. Denuncia o cambio na actitude do PSOE entre a súa postura na oposición, na que solicitaba a rebaixa das partidas destinadas a gastos por outras empresas, e a súa postura no goberno, na que incrementa ditas partidas motivando dito incremento nunha regularización.





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Diríxese á Sra López Couto, para criticarlle que comezara a súa acción política cuestionando e criticando a xestión económica do goberno do PP da que afirma sentirse orgulloso. Lembra a continuación, que no ano 2011 o concello contaba cunha débeda de un millón novecentos mil euros (1.900.000 €) e cun pago a provedores de preto de un millón e medio de euros (1.500.000 €) que tivo que pagar en dúas anualidades.

A continuación, diríxese ao Sr Villamil para expoñerlle que nos orzamentos que o grupo municipal do BNG pactou co PP, foron preto de seiscentos mil euros (600.000 €) o importe destinado a inversións no arranxo do pavillón, mentres que agora se mostran orgullosos de dispor de pouco máis de douscentos mil euros (200.000 €) no capítulo destinado a inversións, e cuestiónalle que poida definir os orzamentos do PP como inflados, cando nos orzamentos que presentan para o ano 2020 prevén un ingreso de cincocentos mil euros (500.000 €) polo canon do servizo da auga que afirman non terán licitado a final de ano.

Remata a súa segunda intervención, recoñecendo que en moitas ocasións se poden prometer actuacións que non se chegan a executar, pero tamén se levan a cabo accións que non se tiñan prometido.

O Sr Alcalde pide que conste en acta que o voceiro do grupo municipal do PP indicaba “que falseou os números para aprobar uns orzamentos por indicación do PSOE” e “culpa ao grupo municipal do BNG de incumplir o plan económico financeiro”.

O Sr Alcalde concede a palabra ao voceiro do grupo municipal do BNG. O Sr Villamil afirma que o seu grupo non ten a aspiración de deixar un legado, senón que teñen aspiracións máis modestas, e recoñece que traballan sen cobrar e para mellorar a situación do propio concello que se atoparon cando comezou o actual mandato.

Por outra banda, asevera que o goberno do PP no cumpriu o compromiso acadado no seu día co BNG, en primeiro lugar, na reforma do pavillón, cuestiona que posiblemente como consecuencia da baixa temeraria na adxudicación do contrato é posible comprobar como existen na actualidade pingueiras en dita instalación; e por outra banda, pregunta pola execución do saneamento en Santa Cilla e San Acislo que se comprometera a facer o goberno do Sr Jorge.

Remata a súa intervención, defendendo que a situación económica na que se atopa o concello de Foz e consecuencia da xestión do anterior goberno municipal e do seu incumprimento reiterado a regra de gasto, agardando poder deixar como legado cando menos, unha situación económica sostible.

O Sr Alcalde concede a palabra ao voceiro do grupo municipal do FPF que opta por non facer uso da mesma.

Previamente a dar por rematado o debate, o Sr Alcalde toma a palabra para recordar que



como no caso do concello de Foz, estando suxeito a un Plan Económico Financeiro que se incumpriu ante a deficiente xestión económica anterior, non pode empregar os remanentes de crédito.

Rematado o debate, sométese o punto da orde do día a votación ordinaria, e o Concello Pleno, polo voto a favor dos/as once (11) concelleiros/as presentes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG e FPF, e en contra dos/as cinco (5) concelleiros/as presentes do grupo político municipal PP, **aproba o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral para o exercicio 2020 por importe de 8.047.434,45€ no Estado de Ingresos e 7.386.395,62€ no Estado de Gastos, xunto coas súas Bases de execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte consta dos seguintes documentos.

1. Estados de Gastos e Ingresos, integrados á súa vez polas listaxes proporcionadas pola aplicación informática empregada na levanza da contabilidade.
2. Bases de execución.
3. Memoria da Alcaldía.
4. Informe económico - financeiro.
5. Anexo de investimentos.
6. Anexo de persoal.
7. Estado da débeda (estado de previsión de movementos e situación da débeda).
8. Anexo de convenios.
9. Anexo de subvencións nominativas.
10. Anexo de beneficios fiscais.
11. Liquidación do exercicio 2019.

ESTADO DE INGRESOS		
RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
A) OPERACIÓNSCORRENTES		
1	IMPOSTOS DIRECTOS	3.359.980,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	-150.000,00
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	1.518.712,82
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.817.741,63
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	501.000,00
B) OPERACIÓNSDCAPITAL		
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
B) OPERACIÓNSFINANCEIRAS		
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL DO ESTADO DE INGRESOS		8.047.434,45€

ESTADO DE GASTOS		
RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
A) OPERACIÓNSCORRENTES		
1	GASTOS DE PERSOAL	3.033.389,67
2	GASTOS CORRENTES E SERVIZOS	3.738.737,46
3	GASTOS FINANCEIROS	4.950,00





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	338.150,00
5	FONDO DE CONTINXENCIA	0,00
6	INVESTIMENTOS REAIS	232.818,49
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	550,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	37.800,00
TOTAL DO ESTADO DE GASTOS		7.386.395,62€

SEGUNDO.- Que se entendan anuladas en virtude do artigo 21.6 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988 de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, actualmente Texto refundido, ao entender que ditas modificacións considéranse incluídas nos créditos iniciais, as cales son as seguintes:

MC 1/2020.Expediente 67/2020. Parque infantil colexio nº1º. DISMINUCIÓN

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
323.22700	14.879,98€
TOTAL	14.879,98€

AUMENTO

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
323.68201	14.879,98€
TOTAL	14.879,98€

MC 7/2020. Expediente 425/2020. Ordenadores Policía Local e AEDL. DISMINUCIÓN

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
920.22199	543,29€
132.22199	560,00€
TOTAL	1.103,29€

AUMENTO

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
--------------------------------	----------------



920.63600	543,29€
132.63600	560,00€
TOTAL	1.103,29€

**MC. 12/2020. Expediente 612/2020.Camión lixo.
DISMINUCIÓN**

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
153.22799 Vías públicas, traballos realizados por outras empresas	75.020,00€
TOTAL	75.020,00€

AUMENTO

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
1621.63400 Recollida de residuos. Elementos de transporte.	75.020,00
TOTAL	75.020,00€

MC 13/2020. Expediente 691/2020. Mobiliario canceira, exceso de medición alemparte, compra camión usado e vial de Alfoz a Foz.

DISMINUCIÓN

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
171.22799	54.694,33€
TOTAL	54.694,33€

AUMENTO

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
153.619001. exceso medición obra alemparte	4.601,26€
153.619002 enlace vial Alfoz-Foz	14.709,51€
172.62500 mobiliario canceira municipal	5.383,56€
1621.63400 compra camión usado lixo	30.000,00€
TOTAL	54.694,33

MC 18/2020. Expediente 159/2020. Indemnización aportación municipal a fondo non competitivo.

DISMINUCIÓN

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
--------------------------------	----------------





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

1621.20300	58,25€
TOTAL	58,25€

AUMENTO

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
1622.63300	58,25€
TOTAL	58.25€

TERCEIRO. Aprobar o Cadro de Persoal do Concello de Foz, tanto de funcionarios como de persoal laboral, segundo figura no expediente e, aprobar, consonte ao establecido no artigo 103.bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, a masa salarial do persoal laboral ao servizo do Concello de Foz, que ascende a 1.254.448,95 euros, a cal debe ser publicada na sede electrónica da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia ou no seu caso da Comunidade Autónoma uniprovincial no prazo de 20 días.

CUARTO.- Dar conta do Informe de cumprimento da Estabilidade Orzamentaria do Proxecto de Orzamento para 2020 e do cumprimento do límite de débeda.

QUINTO.- Que se expoña ó público polo prazo de quince días hábiles, ós efectos de reclamacións, consonte co disposto no artigo 169.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

SEXTO.- De non se presentaren reclamacións, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios deste Concello, xuntamente co cadro de persoal, segundo dispoñen os artigos 127 do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril e 169.3 do RDL 2/2004; noutro caso procederá de acordo co previsto no número 1 do artigo 169 do RDL 2/2004 citada.

SÉTIMO.- Remitir copia á Administración do Estado así como, á o órgano de Goberno da CC.AA .-

6.- APROBACIÓN SE PROCEDE, PROPOSICIÓN GRUPO MUNICIPAL BNG SOBRE INSTAR Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN A ACLARAR E NEGOCIAR COA COMUNIDADE ESCOLAR AS MEDIDAS A IMPLANTAR NO VINDEIRO CURSO ESCOLAR.-

Trala ratificación da inclusión do asunto na orde do día acadada por unanimidade dos dezaseis señores/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP,



BNG e FPF, ao abeiro do establecido no artigo 82.3 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, éntrase no despacho da seguinte PROPOSICIÓN:

*“Dende o final do pasado curso escolar a Consellería de Educación non deu información á comunidade educativa sobre o inicio do vindeiro curso escolar o primeiro marcado dende o seu inicio pola pandemia do coronavirus. O día 14 de xullo a Xunta presenta unha primeira versión do **Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros educativos non universitarios para o curso 2020/2021**. Tras meses de peticións por parte dos sindicatos educativos en unha vez celebradas as eleccións ao Parlamento, o documento, non contempla a posibilidade de reducir o número de estudantes por aula para garantir a separación de seguridade que evite contaxios da covid-19. Explica no documento algunhas intencións, como non reducir o número de estudantes por aula por baixo dos 25 vixentes –o Ministerio permíteo, aínda que recomendou diminuílo-, e avanza outras medidas. Entre elas, a posibilidade de que a máscara poida ser obrigatoria durante “todo o horario lectivo” nas aulas onde non haxa espazo dabondo para manter un metro de distancia entre estudantes. Esa “distancia física mínima” dun metro é a directriz xeral marcada polo protocolo para “as clases en aulas nas que o alumnado se dispoña sentado en pupitres, todos orientados no mesmo sentido”. Neste caso, indica, non será preciso portar máscara porque un metro “é a distancia recomendada pola Organización Mundial da Saúde para os centros educativos” mais tamén “cando o tamaño da aula o permita, adoptarse a maior distancia posible entre pupitres”. Cando faltan menos de dous para que dea comezo o novo curso no marco dunha pandemia mundial, os centros, o profesorado e as familias seguen en vilo sen saber como será definitivamente a volta ás aulas, por que ese primeiro borrador é inaceptable para a comunidade escolar. O Goberno da Xunta por medio do presidente en funcións Feijóo declarou que prefería destinar os cartos dedicados ao ensino “a outros fins” e a continuación, como xa nos teñen acostumbrados a dicir unha cousa e a contraria, a Conselleira en funcións cualificará a cantidade que se destinará dentro do fondo de reconstrución a este fin como “insuficiente”. Así, na contradición permanente e na deixadez de funcións, que foi como actuou a Consellaría de Educación dende o inicio do estado de alarma. Isto motivou distintas campañas para promover a aprobación de resolucións en claustros e de concienciación da comunidade educativa do que suporía a situación actual na que a meirande parte das Aulas da Galiza ían ter moi complicado manter a distancia de 1,5 metros de seguridade, e aplica os mínimos de 1 metro para que mellor lle cadre, con todo moitas aulas vano ter difícil.*

Consideramos dende o BNG de Foz de cordo coa comunidade escolar, que a única forma de garantir este distanciamento físico é mediante a redución de ratios e o incremento de profesorado porque o ensino debería ser presencial, xa que é a única fórmula válida dende o punto de vista pedagóxico, durante todo o curso. De momento a única novidade que se ten da Consellería nos centros e naqueles aos que se lles está comunicando que se pechan unidades, unha práctica habitual de todos os veráns, que demostra que nin sequera en tempos de pandemia o goberno de Feijóo paraliza os recortes ao ensino público.

Tal e como aconteceu co fin do curso previo no que a Xunta descargou a súa responsabilidade nos Concellos facéndolles ter que colaborar na impresión de materiais didácticos e aportar conexión de Internet a aquelas familias que carecían dela, todo parece indicar que a intención da Xunta é que no comezo de curso sexan os equipos directivos e o profesorado quen teñan que asumir todas as medidas preventivas. O ensino foi outro dos grandes esquecidos desta pandemia e a administración está acostumbrada a que sexa o persoal docente o que lle quite as castaña do lume, pero cando se trata da saúde precisamos que se poñan enriba da mesa protocolos específicos, avaliacións de riscos, dispensas para os colectivos vulnerábeis, medidas sanitarias e educativas consensuadas por tódolos membros da comunidade escolar.

Por todo isto o Grupo Municipal do BNG de Foz insta ao pleno para solicitar da Consellería de Educación da Xunta de Galiza:





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

- *A negociación sen imposicións con carácter inmediato das condicións sanitarias e organizativas nas que se deberá desenvolver o curso 2020/2021.*
- *A negociación dun protocolo sanitario centrado na seguridade de todo o persoal dos centros educativos e do alumnado.*
- *A coordinación entre as diferentes administracións (autonómica, local) que sexa precisa de cara a unha correcta organización do curso escolar (espazos, apoios, servizos sociais...).*
- *A regulación da redución de ratios en todas as etapas educativas para garantir as medidas de distanciamento físico necesarias e unha correcta atención educativa que cumpra coas indicacións da propias administracións educativas de reforzo e recuperación do curso escolar 2019/2020 e as necesarias adaptacións organizativas e curriculares ao longo de todo o curso.*
- *O reforzo dos cadros de persoal de todos os centros para garantir esa atención especial.*
- *A negociación e consenso de calquera medida que poida afectar ás condicións de traballo do profesorado no curso 2020/2021 pola planificación extraordinaria que poida ser necesaria.*
- *O reforzo da coordinación didáctica e da formación do profesorado coa conseguinte redución da carga lectiva.*
- *A posta en marcha inmediata das reformas tecnolóxicas necesarias para dar resposta correcta a unha nova situación de confinamento parcial ou total en casos de rebrotes da covid-19.*
- *A negociación das condicións de traballo e de organización docente no caso de termos que recorrer á teledocencia, en todo ou parte do noso horario laboral”.*

Ábrese polo Sr Alcalde-presidente **unha quenda de intervencións**, concedendo a palabra ao voceiro do grupo municipal do BNG o concelleiro D. Iago Villamil Cajoto, quen comeza a súa intervención defendendo a proposición que se somete a debate.

Denuncia que o protocolo de actuación sanitaria no marco educativo recentemente aprobado supón un perigo para a comunidade educativa, así como, para o desenvolvemento da acción educativa na comunidade autónoma e critica que o documento busca manter as ratios de alumnado por aula, así como, non incrementar en absoluto a contratación de persoal docente para o curso escolar que se avexaña.

Expón o Sr Villamil, que na opinión do seu grupo, o documento aprobado trata de solventar certas incoherencias na acción do goberno autonómico, xa que previamente e agora presidente en función o Sr Feijoo, ten declarado que non lle facían falta os cartos destinados ao ensino e que prefería destinalos a outros fins, mentres que a Conselleira afirmaba que os cartos destinados polo estado a reforza en educación non chegaban para Galicia.

Defende que en opinión do seu grupo, a única forma de garantir este distanciamento físico é mediante a redución de ratios e o incremento de profesorado porque o ensino debería ser presencial, xa que é a única fórmula válida dende o punto de vista pedagóxico, durante todo o curso

Remata a súa primeira intervención, manifestando a necesidade de retirar o protocolo de



actuación aprobado pola Xunta, e o inicio de novas negociacións sen imposicións á comunidade educativa.

Pola súa banda, o Sr Alcalde toma a palabra para mostra o apoio do grupo municipal do PSOE á proposición presentada en todos e cada un dos seus puntos, felicitando a dito grupo polo traballo realizado na mesma xa que entende que é moi necesaria nos momentos que estamos a vivir.

Informa que nas últimas datas leva tido reunións con dous dos tres colexios públicos da vila de Foz, nas que se mostraba a total indignación dos equipos directivos ante o protocolo aprobado pola Xunta.

Recoñece que as dúbidas das direccións dos centros ante as obrigas impostas no protocolo son moi numerosas afectando a cuestións tan importantes como pode ser a distribución do comedor escolar; se ten que realizar varias quendas para comer; se poden ampliar os horarios do profesorado; a distribución do alumnado nas aulas, entre outras.

Diríxese ao voceiro do grupo municipal do PP para informarlle de que non se prevé o reforzo do persoal educativo para o curso escolar 20/21; e no que se refire a aportación de material, os equipos directivos denuncian a entrega de cinco adhesivos que tiveron que firmar acreditando telas recibido.

Por outra banda, cuestiona a actitude da Xunta para cos concellos como responsables do mantemento dos centros educativos da súa titularidade, xa que non tiveron a ben comunicarse cos mesmos para definir as obrigas que se impoñerían como consecuencia de dito protocolo.

Remata a súa intervención, pedindo menos corporativismo político e que todos os grupos municipais se poñan en contacto cos centros educativos e podan coñecer de primeira man os problemas que está a producir que ten todo o poder e non aporta solución algunha.

Polo grupo municipal do PP, toma a palabra o concelleiro D. Juan Rivas, quen cuestiona que coa súa intervención o Sr Alcalde está a inducir o medio na veciñanza. Afirma que dende a Xunta de Galicia estase a traballar para que o inicio de curso teña lugar coa maior normalidade posible pero tamén coa máxima seguridade, con medidas que garantan as medidas de distanciamento social, motivo polo que entende absurdo pedir que se traballe en algo no que xa se está traballando.

Recoñece que dende o goberno galego se levou a cabo unha tarefa de análise da distinta variedade dos centros educativos na nosa comunidade, sendo que como consecuencia de dita avaliación, a Consellería de Sanidade xunto coa Consellería de Educación, veñen de presentar un protocolo de actuación nos centros educativos non universitarios da comunidade autónoma.

Denuncia que non foi posible acadar acordo na mesa sectorial de negociación convocada ata en dúas ocasión, polo rexeitamento das distintas organizacións sindicais e non porque a Xunta non quixera chegar a un acordo.

No referente ás medidas de distanciamento social, asevera que no protocolo están





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

establecidas as pautas que se deben cumprir para garantir as medidas propostas dende a OMS, e no relativo as condicións de hixiene dos centros, ditas medidas veñen impostas dende o Ministerio de Educación e de Sanidade do goberno central.

Remata a súa intervención, defendendo que ante a diversidade dos centros educativos da comunidade, serán os directivos dos centros os encargados de realizar o seu propio plan de continxencia, restándolle importancia a dita obriga e afirmando que a Xunta reforzará o persoal educativo alí onde sexa preciso para dar resposta a novas unidades educativas.

O señor alcalde concede a palabra ao voceiro do grupo municipal de FPF D. Víctor Couto Barrientos, quen se mostra a favor da proposta presentada por entender que en momentos coma os que estamos a vivir, é especialmente importante a información e o reforzo de servizos tan esenciais como a educación.

A continuación polo Sr Alcalde-presidente **ábrese unha segunda quenda de intervencións**, concedendo a palabra ao voceiro do grupo municipal do BNG.

O Sr Villamil comeza a súa intervención mostrando a súa sorpresa ante o argumentario empregado polo Sr Rivas, xa que parece descoñecer o contido das oitenta e catro follas que conforman o protocolo aprobado.

Cuestiona o proceder da Xunta de Galicia, dando publicidade ao protocolo sanitario en materia educativa o día 27 de xullo e simultaneamente prohibe a xuntanza de máis de 25 persoas no ámbito público ou privado, cando no protocolo de actuación no ámbito sanitario están previstas situacións nas que se superaría o máximo permitido de 25 persoas no mesmo espazo.

Finaliza a súa intervención, preguntando como farán os docentes que teñen que soportar unha carga administrativa cada vez maior, asumindo neste curso unha importante carga sanitaria, tendo que asumir a responsabilidade de confirmar entre outras cuestións, se os pupitres están limpos ou non; preguntando como farán os docentes para facer efectivo un control na entrada e saída das aulas ou ben, como farán para garantir que nos aseas non se supera o aforo previsto dun 50% do aforo máximo dos mesmos.

Toma a palabra novamente o Sr Alcalde para inicialmente, recordarlle ao Sr Rivas que se atopan no concello de Foz, instándolle a que lonxe de empregar un argumentario remitido dende Santiago, tome contacto coa realidade educativa da vila.

Demanda a necesidade de recursos materiais e persoais para desenrolar con garantías o vindeiro curso escolar, e que supón que dende a administración competente se destinen os fondos públicos precisos para garantir ditos recursos.

Finaliza a súa participación no debate, instando ao Sr Rivas e ao seu grupo a que defenda a educación pública e a educación no concello de Foz.



A continuación, polo grupo municipal do PP, intervén novamente o Sr Rivas, quen afirma que para conseguir consensos, é precisa a vontade de todas as partes intervenientes na negociación, cuestionando dita vontade por parte da representación sindical.

Por outra banda, defende a actuación da Xunta de Galicia no concello de Foz coa inversión de máis de un millón de euros (1.000.000 €) en instalacións educativas.

Remata a súa intervención, defendendo que o razoable en toda norma e neste caso no protocolo, é o espírito que reside no mesmo están todos plenamente capacitados para interpretar o seu contido.

O Sr Alcalde concede a palabra ao voceiro do grupo municipal de FPF, quen logo da intervención do Sr Rivas, convida aos grupos municipais do concello de Foz a traballar co fin de acadar consensos en defensa da veciñanza de Foz.

Rematado o debate, sométese o punto da orde do día a votación ordinaria, e o Concello Pleno, polo voto a favor dos/as once (11) concelleiros/as presentes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG e FPF, e en contra dos/as cinco (5) concelleiros/as presentes do grupo político municipal do PP, **aproba o seguinte ACORDO:**

-Solicitar da Consellería de Educación da Xunta de Galicia:

- **A negociación** sen imposicións con carácter inmediato das condicións sanitarias e organizativas nas que se deberá desenvolver o curso 2020/2021.
- **A negociación** dun protocolo sanitario centrado na seguridade de todo o persoal dos centros educativos e do alumnado.
- **A coordinación** entre as diferentes administracións (autonómica, local) que sexa precisa de cara a unha correcta organización do curso escolar (espazos, apoios, servizos sociais...).
- **A regulación** da redución de ratios en todas as etapas educativas para garantir as medidas de distanciamento físico necesarias e unha correcta atención educativa que cumpra coas indicacións da propias administracións educativas de reforzo e recuperación do curso escolar 2019/2020 e as necesarias adaptacións organizativas e curriculares ao longo de todo o curso.
- **O reforzo** dos cadros de persoal de todos os centros para garantir esa atención especial.
- **A negociación** e consenso de calquera medida que poida afectar ás condicións de traballo do profesorado no curso 2020/2021 pola planificación extraordinaria que poida ser necesaria.
- **O reforzo** da coordinación didáctica e da formación do profesorado coa conseguinte redución da carga lectiva.
- **A posta en marcha** inmediata das reformas tecnolóxicas necesarias para dar resposta correcta a unha nova situación de confinamento parcial ou total en casos de rebrotes da covid-19.
- **A negociación** das condicións de traballo e de organización docente no caso de termos que recorrer á teledocencia, en todo ou parte do noso horario laboral.-





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

7.- APROBACIÓN SE PROCEDE, PROPOSICIÓN GRUPO MUNICIPAL BNG SOBRE PROPOSTA PARA QUE O SERGAS CRE A CATEGORÍA PROFESIONAL DE ENFERMERÍA ESCOLAR.-

Trala ratificación da inclusión do asunto na orde do día acadada por unanimidade dos dezaseis señores/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e FPF, ao abeiro do establecido no artigo 82.3 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, éntrase no despacho da seguinte PROPOSICIÓN:

“O bo funcionamento dun sistema educativo non só pasa polo desenvolvemento das habilidades e competencias do alumno. Tamén a prestación dos servizos que atendan as súas necesidades, nunha etapa clave do seu crecemento. Para iso, a figura do enfermeiro ou enfermeira escolar xoga un papel relevante, sobre todo, para os nenos e mozos con problemas de saúde. O sistema educativo enfróntase a problemas difíciles de abordar sen a axuda dos profesionais da saúde. Antes da pandemia da Covid era importante implantar o servizo de Enfermería Escolar por varios motivos:

- Estes profesionais dan unha resposta rápida e urxente aos problemas de saúde escolar.*
- Contribúen a educar para a saúde, é dicir, ofrecen información sobre os problemas ou sobre os perigos de certas condutas e fomentan actitudes críticas, autónomas e solidarias no alumnado, pais e docentes.*
- Impulsan actividades formativas, por exemplo talleres de educación afectivo-sexual.*

En definitiva, contribúen a analizar os problemas, acceder á información adecuada, reflexionar sobre os valores que leva implícita cada acción, asumir responsabilidades e aprender a tomar decisións. Segundo a Asociación Madrileña de Enfermería en Centros Educativos (AMECE), este profesional dentro do centro educativo ten a responsabilidade de proporcionar os coidados propios da súa competencia aos alumnos de modo directo, integral ou individualizado.

Desde o BNG de Foz somos conscientes de que, en calquera etapa da escolarización dunha pícara, poden xurdir accidentes ou patoloxías que requiren dun profesional sanitario para poder abordarse e, deste xeito, tratalas a tempo. A educación pode ser enriquecida con actividades complementarias ás que asistan a formación relacionada co mantemento dunha vida sa e equilibrada en todos os ámbitos do seu desenvolvemento tanto físico como emocional. Creemos tamén que a presenza dun profesional da saúde nos centros axudará a mellorar a coordinación entre os departamentos de Sanidade e Educación da Xunta.

Neste sentido, en casos de afeccións puntuais, como unha gripe, o alumno non tería necesidade de solicitar xustificante médico, porque xa se comunicaría directamente ao enfermeiro/a.

Na Galiza é lamentable a actitude do PP que en febreiro de 2020 con notable falla de previsión e evidente ausencia de miras, rexeitou a tramitación dunha PNL no Parlamento Galego para que se regule esta figura nos centros educativos. Unha PNL avaliada por 32.821 sinaturas para o Recoñecemento e Regulación da Figura da Enfermería Escolar en Galicia que contaba cos apoios de varios colectivos e asociacións autonómicas: Federación Galega de Diabetes, Unión Galega de Epilepsia, Federación Autismo Galicia, Asociación de Déficit de Atención Hiperactividade e Necesidades específicas de apoio educativo, Asociación Bicos de Papel, Asociación de Nais e Pais (CONGAPA e CONFAPA), Colexio de Enfermería de A Coruña, Lugo e Ourense, Escolas



Católicas e ANPE Galicia. A nivel Estatal contaba co apoio da devandita Asociación Madrileña de la Enfermería de Centros Educativos (AMECE), creada no 2009 e que recentemente ampliou o seu alcance ó territorio nacional para defender a necesidade da devandita figura, e de Asociación Catalana de Enfermería y Salud Escolar (ACISE).

Despois veu a Covid. Agora é incuestionable a figura e a necesidade da súa regulamentación.

Pouco máis que engadir a utilidade evidente desta figura nos centros de ensino. Agardamos que o PP recapacite e tome en consideración unha nova proposta, como se ve moi necesaria. Por esta razón é o momento de que o Concello se sume a esta demanda que apoia colectivos sanitarios e pais de alumnos. Dada a importancia desta figura e a necesidade da presenza dun servizo de Enfermería Escolar nos centros de ensino de Foz que cubra os distintos niveis educativos, propoñémoslles a seguinte Proposta de acordo para que o Pleno do Concello de Foz inste á Xunta a:

-Regular e desenvolver no SERGAS a categoría profesional do/a enfermeiro/a escolar, implantándose, de forma progresiva, nos Centros de Ensino da Galiza.

-A creación dunha bolsa de traballo específica para a contratación de enfermeira ou enfermeiro escolar para os centros escolares “.

Ábrese polo Sr Alcalde-presidente **unha quenda de intervencións**, concedendo a palabra ao voceiro do grupo municipal do BNG o concelleiro D. Iago Villamil Cajoto, quen comeza a súa intervención defendendo a figura dos enfermeiros/as escolares.

Destaca que en calquera etapa da escolarización, poden xurdir accidentes que requiren dun profesional sanitario para poder ser atendidas e tratalas a tempo, enriquecendo a comunidade educativo con actividades complementarias á formación. Defende tamén que a presenza dun profesional da saúde nos centros axudaría a mellorar a coordinación entre os departamentos de Sanidade e Educación da Xunta, sendo que en casos de afeccións puntuais, como unha gripe, o alumno non tería necesidade de solicitar xustificante médico, porque xa se comunicaría directamente ao enfermeiro escolar.

Denuncian a actitude do PP que en febreiro de 2020 con falla de previsión rexeitou a tramitación dunha proposta no Parlamento Galego para que se regule a figura dos enfermeiros/as escolares nos centros educativos.

Tendo en conta todo o anteriormente exposto, defende que dende o Concello se sumen a esta demanda que apoia colectivos sanitarios e pais de alumnos.

Pola súa banda, o Sr Alcalde toma a palabra para mostra o apoio do grupo municipal do PSOE á proposición presentada por entender que redundna na moción anterior e redundna en demandar unanimidade na defensa dos intereses da veciñanza de vila de Foz con independencia do partido que estea a gobernar noutras administracións.

Polo grupo municipal do PP, toma a palabra o concelleiro D. Juan Rivas, quen lembra a iniciativa que se somete a debate, foi tratada e rexeitada pola maioría do parlamento autonómico galego, denunciando que apenas existen variacións entre o debatido no parlamento autonómico e o presentado no concello de Foz.

Lembra que recentemente a Ministra de educación logo de expoñer as recomendacións que se teñen impartido á comunidade educativa, non resulta da súa competencia determinar se ditas recomendación deben ser executadas ou non por persoal sanitario.





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Tendo en conta a competencia autonómica na materia, así como, que esta cuestión foi rexeitada polo Parlamento autonómico en febreiro deste mesmo ano, anuncia que o seu grupo se absterá na votación.

O señor alcalde concede a palabra ao voceiro do grupo municipal de FPF D. Víctor Couto Barrientos, quen se mostra a favor da proposta presentada.

A continuación polo Sr Alcalde-presidente **ábrese unha segunda quenda de intervencións**, concedendo a palabra ao voceiro do grupo municipal do BNG.

O Sr Villamil defende que se reabra o debate sobre os/as enfermeiros/as escolares, porque o contexto de crise sanitaria actual debe supoñer que se podan reabrir determinados debates.

Entende que o situación de pandemia que estamos a vivir obriga a reflexionar e no seu caso rectificar en decisións que se poden entender erradas nestes momentos.

Pola súa banda, o Sr Alcalde toma a palabra para criticar, que da intervención do Sr Rivas se desprende que o PP de Foz nunca votará en contra do que se acorde polo PP no Parlamento autonómico.

Intervén novamente o Sr Rivas, defendendo que o sentido do voto á proposición que se debate deriva única e exclusivamente da vontade dos membros que compoñen o grupo municipal do PP e convida ao grupo municipal do BNG a traballar na procura dunha proposta que poida ser apoiada por todos os grupos que conforman o pleno municipal en lugar de reiterar unha proposta que xa foi rexeitada polo Parlamento autonómico de Galicia.

O Sr Alcalde concede a palabra ao voceiro do grupo municipal de FPF, o cal rexeita intervir na quenda de réplica.

Rematado o debate, sométese o punto da orde do día a votación ordinaria, e o Concello Pleno, polo voto a favor dos/as once (11) concelleiros/as presentes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG e FPF, e a abstención dos/as cinco (5) concelleiros/as presentes do grupo político municipal do PP, **aproba o seguinte ACORDO:**

-Instar á Xunta de Galicia a:

-Regular e desenvolver no SERGAS a categoría profesional do/a enfermeiro/a escolar, implantándose, de forma progresiva, nos Centros de Ensino da Galiza.

-A creación dunha bolsa de traballo específica para a contratación de enfermeira ou enfermeiro escolar para os centros escolares.-



8.- APROBACIÓN SE PROCEDE, PROPOSICIÓN GRUPO MUNICIPAL PP SOBRE INSTAR AO INSTITUTO NACIONAL DA MARIÑA AO ARREGLO DA FACHADA DA CASA DO MAR DE FOZ.-

Trala ratificación da inclusión do asunto na orde do día acadada por unanimidade dos dezaseis señores/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e FPF, ao abeiro do establecido no artigo 82.3 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, étrase no despacho da seguinte PROPOSICIÓN:

“ A casa do mar de Foz, sita na Ribeira, foi construída a finais dos anos 70 en terreo gañado ao mar e propiedade do Instituto Social da Marina, á súa vez adscrito á Secretaría de Estado da Seguridade Social e dependente do Ministerio de Inclusión Social, Seguridad Social y Migraciones de España.

A construción de uns corenta anos albergou inicialmente as oficinas do ISM nunha ala e o Centro de Saúde noutra ata que se construíu o novo Centro de Saúde, quedando esa ala para locais municipais onde actualmente está ubicada a Escola de Música Arcadio Mon.

Tanto polo tempo de construción coma pola propia afección do efecto da climatoloxía mariña é notable un importante desgaste na fachada, especialmente na fachada sur que da para o mar, onde son visibles numerosas gretas das pezas prefabricadas coa caída incluso de parte delas.

Esa circunstancia aparte da peligrosidade que supón para os viandantes, afean a edificación que se encontra nun entorno moi transitado, concretamente nos xardíns do Paseo da Ribeira, e o que é máis importante acarrea a aparición de humidades no interior que empeoran as condicións de uso e elevan os custes de mantemento.

Ademais son moitas as edificacións públicas especialmente da Xunta de Galicia que están sendo renovadas as súas fachadas en aras de mellorar a súa eficiencia enerxética, apostando por un mellor illamento térmico e con elo baixar o consumo de calefaccións e a contaminación que iso supón.

Por todo iso e pensando na próxima anualidade, despois de corenta anos cremos que é o momento de renovar a Casa do Mar de Foz, e adecentar a súa fachada para adaptala aos novos tempos e as novas necesidades.

Polo tanto, solicitamos aprobar polo Pleno da Corporación Municipal de Foz os seguintes ACORDOS.

Instar ao Ministerio de Inclusión Social, Seguridad Social y Migraciones de España a renovar a fachada exterior da Casa do Mar e con elo mellorar a eficiencia enerxética da edificación actual “.

Ábrese polo Sr Alcalde-presidente **unha quenda de intervencións**, concedendo a palabra á concelleira do grupo municipal do PP D^a Laura Riveira Balseiro, quen fai lectura da moción transcrita con anterioridade.

Polo grupo municipal do PSOE, toma a palabra o Sr Alcalde para recoñecer que o seu grupo está completamente de acordo coa proposición que se debate polo que votarán a favor con independencia de quen está actualmente no goberno central.

A continuación, toma a palabra o voceiro do grupo municipal do BNG o concelleiro D. Iago Villamil Cajoto, quen mostra a conformidade do seu grupo coa proposición presentada.





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

O señor alcalde concede a palabra ao voceiro do grupo municipal de FPF D. Víctor Couto Barrientos, quen manifesta a súa conformidade coa proposición presentada por entender que é positiva para Foz.

Rematado o debate, e sometido a votación o punto da orde do día, o Pleno municipal pola **unanimidade** dos/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e FPF, **aproba o seguinte ACORDO:**

-Instar ao Ministerio de Inclusión Social, Seguridad Social y Migraciones de España a renovar a fachada exterior da Casa do Mar e con elo mellorar a eficiencia enerxética da edificación actual.-

9.- APROBACIÓN SE PROCEDE, PROPOSICIÓN GRUPO MUNICIPAL PP SOBRE INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A NON APROPIARSE DOS RECURSOS DAS ENTIDADES LOCAIS.-

Trala ratificación da inclusión do asunto na orde do día acadada por unanimidade dos dezaseis señores/as concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSG-PSOE, PP, BNG e FPF, ao abeiro do establecido no artigo 82.3 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, étrase no despacho da seguinte PROPOSICIÓN:

“O Goberno de Mariano Rajoy no ano 2012, tratando de evitar o descontrol xerado nalgũa administración na crise do 2008, articulou a Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF), que supuxo que neste oito anos e co enorme esforzo dos Concellos se xerara unha importante cantidade de remanente, que como é o caso de Foz, chega a superar os 4 millóns de euros.

Con esta nova crise do coronavirus o extraordinario esforzo realizado polos gobernos locais non se viu correspondido polo Goberno de España, que non destinou un só euro a apoiar ás entidades locais na súa loita contra o virus e as negativas consecuencias do mesmo.

A única medida que tomou o goberno central é permitir que as EE.LL poidan gastar unha pequena parte do superávit xerado en 2019 para atender gastos urxentes derivados da posta en marcha de medidas sanitarias, sociais e económicas, así como para financiar gastos de investimento en vehículos eléctricos ou con etiqueta ambiental CEO ou ECO.

Unha medida que é unha medida trampa e insuficiente. Trampa porque non supón un financiamento adicional, senón que as entidades locais fan uso dos seus “aforros” porque non suprimiu a obrigatoriedade de cumprir todos os requisitos establecidos na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF), e por tanto impide a moitas entidades locais facer uso do superávit ou lles obirga a amortizar a débeda, detraendo recursos na loita contra a pandemia e os efectos da mesma, e porque ademais o goberno establece en que poden gastar ou non o seu diñeiro, o diñeiro de todos os veciños, as entidades locais.



É insuficiente porque a porcentaxe aprobada é ridícula para atender non só as actuacións urxentes, senón todas as medidas que as entidades locais puxeron en marcha, e deberán seguir poñendo en marcha nos próximos meses, para garantir a saúde e o benestar dos seus veciños.

Ante esta situación, as entidades locais de todo signo político, a través do órganos da FEMP e dos lexítimos representantes dos españois no Congreso dos Deputados solicitaron, en reiteradas ocasións durante os últimos meses, ao Goberno de España medidas como:

1.Flexibilizar a regra de gasto e resto de regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) para que todas as EE.LL poidan dispoñer do 100% os remanentes de Tesourería, os seus aforros, os aforros dos veciños, xerados durante os últimos anos para implementar aqueles servizos e medidas que permitan actuar primeiro contra a pandemia, e despois contra a crise sanitaria, social e económica derivada da mesma, sen poñer en risco a capacidade financeira da entidade local e sempre en coordinación coas CC.AA. e o Estado, de forma que a súa utilización para os fins descritos non compute no exercicio 2020 para o cálculo da Regra de Gasto e a Estabilidade Orzamentaria.

2.Transferencia dunha parte proporcional dos Fondos Europeos que reciba España ás Entidades Locais para poder compensar o impacto do COVID19 nos seus ingresos e gastos orzamentarios.

3.Prorrogar os prazos para que as entidades locais poidan executar os investimentos financiariamente sostibles, financiados con cargo ao superávit de 2018 ou 2019, dado que a suspensión de prazos administrativos com consecuencia do estado de alarma provocou que moitas delas non finalicen en 2020.

4.Creación dun fondo de 5.000 millóns en axudas directas e sen condicións ás Entidades Locais e de fondos específicos por valor de 1.000 millóns de euros para compensar o déficit nos servizos de transporte públicos e para cubrir o custo da colaboración das EE.LL.na xestión do Ingreso Mínimo Vital.

Ningunha destas peticións tivo resposta por parte do Goberno de España. Un goberno que, no mes de marzo, segundo puidemos coñecer pola prensa, estaba a estudar “confiscar” o superávit xerado en 2019 polas EE.LL, así como os recursos que as mesmas teñen en entidades bancarias e que, agora, pretende apropiarse dos aforros municipais mediante unha chantaxe inaceptable a todos os Concellos e Deputacións do noso país.

O Goberno pretende que os Concellos e Gobernos Provinciais lle presten “a totalidade” dos aforros acumulados durante os últimos 8 anos e, a cambio, soamente permitiralles gastar, durante os próximos dous anos, unha terceira parte dun diñeiro que é dos nosos veciños, e exclusivamente naquelas actuacións que previamente definiu o goberno.

O resto do diñeiro prestado será devolto polo goberno ao longo dos próximos 10 anos, aínda que a proposta exclúe a calendario de pagos, o que supón que as EE.LL non poderán utilizar a totalidade dos seus aforros durante a próxima década e por tanto, a asfixia financeira dos mesmos.

Ademais, na proposta que coñecemos inclúense varias das medidas solicitadas polas EE.LL nestes meses, que só se poñerán en marcha se previamente acéptase prestar a totalidade dos aforros do municipio ou provincia ao goberno.

En resumo, unha proposta que esconde unha chantaxe inaceptable e que podería vulnerar os artigos 137 e 142 da Constitución Española, que consagran os principios de autonomía e suficiencia financeira como base da xestión da entidades locais, así como varios preceptos da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).

Polo tanto, solicitamos aprobar polo pleno da Corporación Municipal de Foz os seguintes ACORDOS:





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

MANIFESTAR:

1.O compromiso do Concello de Foz coa Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira como ferramenta que garante o correcto funcionamento das finanzas locais que permitiu a moitos Concello de de España xerar os aforros que agora reclama o goberno central.

2.O profundo rexeitamento deste Concello a calquera medida tendente a apropiarse dos aforros acumulados polos veciños dos concellos e provincias, tanto de forma directa como vía subscripción de préstamos das EE.LL. ao Estado para devolver a longo prazo.

INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A:

3. Respetar e garantir a autonomía que a Constitución Española e as Leis outorgan ás entidades locais para a xestión dos seus recursos, para a xestión do diñeiro público, que é de todos e cada un dos españois, non dun goberno en concreto.

4.Atender as demandas das EE.LL, especialmente a referida á flexibilización da Regra de Gasto e resto e Regras contidas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF) para que poidan dispoñer do 100% os seus remanentes de tesourería para a loita contra os negativos efectos do COVID-19.

5.Que si pretenden modificar algunha das leis que afectan á autonomía, facenda ou estabilidade financeira das entidades locais, valide ditas modificacións no Congreso dos Deputados ou ante os Órganos de Goberno da FEMP, lexítimos representantes das EE.LL e dos españois.

6.Que o Ministerio de Facenda cumpra coa totalidade do acordo consensuado por todas as forzas políticas, incluíndo o Partido Socialista, no seo da Federación Española de Municipios e Provincias.

Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, á Ministra de Facenda, á Ministra de Política Territorial e Función Pública, aos Portavoces dos Grupos Políticos do Congreso, Senado e das Cortes, e á Xunta de Goberno da FEMP “.

Ábrese polo Sr Alcalde-presidente **unha quenda de intervencións**, concedendo a palabra ao voceiro do grupo municipal do PP D. Javier Jorge Castiñeira, informa sobre o contido da proposta, expoñendo que se centra nos coñecidos como remanentes de crédito, o cal non sería outra cousa que os aforros xerados polos concellos nos últimos anos, grazas a unha lei aprobada durante o goberno do PP.

Lembra, que durante o seu mandato tivo que facer fronte a dúas situacións complexas, especialmente no ano 2011, cunha débeda de de un millón novecentos mil euros (1.900.000 €) e cun pago a provedores de preto de un millón e medio de euros (1.500.000 €) que tivo que pagar en dúas anualidades, dispoñendo a penas de catrocentos mil euros (400.000 €) nas contas bancarias, o cal mudou no ano 2012 coa imposición dun maior control das administracións. Asevera que se ben inicialmente a reforma non gustou, ao impedir dispoñer dos remanentes para determinadas inversións que puideran ter



previstas, o certo é que grazas a dita reforma, se produciron uns importantes remanentes de crédito no ámbito local.

Denuncia que existe unha posibilidade de que o goberno central se faga cos aforros dos concellos para facer fronte ao actual contexto de crise, así como, para facer fronte ás súas prevendas electorais dos últimos anos e os seus venres sociais.

Remata a súa primeira intervención, destacando que probablemente, lonxe de perder os remanentes en favor do goberno central, o momento actual demanda modificacións dirixidas á flexibilización da regra de gasto co fin de permitir o uso deses remanentes polas administracións locais.

Polo grupo municipal do PSOE, toma a palabra o Sr Alcalde para inicialmente, denunciar que se trata dunha moción tipo que o PP está a presentar en todos os concellos do país.

Cuestiona que se fundamente a moción en informacións obtidas da prensa, e denuncia unha incoherencia, xa que mentres no punto un da proposta se pide un compromiso do concello de Foz coa Lei orgánica 2/2012, no punto catro instan unha flexibilización da regra de gasto e outras medidas impostas na Lei orgánica 2/2012.

Entende que todos os grupos municipais están de acordo en que se debera permitir ao concello de Foz a gastar integramente en favor dos seus veciños os remanentes xerados estes anos.

Finaliza a súa intervención, instando ao grupo municipal do PP a que retire a proposición presentada e que se achegue un texto de consenso en defensa do uso íntegro dos remanentes no concello de Foz.

A continuación, toma a palabra o voceiro do grupo municipal do BNG o concelleiro D. Iago Villamil Cajoto, quen informa que o BNG que se ten manifestado reiteradamente en contra da Lei orgánica 2/2012, motivo polo cal non pode mostrarse a favor dunha proposición na que se adquire un compromiso por parte desta administración coa mencionada lei 2/2012.

Mostrase sorprendido ante a petición do grupo municipal do PP en defensa da lei 2/2012, por ser a mesma norma xurídica que veu incumprindo sistemáticamente ao incumplir a regra de gasto establecida na mesma.

Remata a súa intervención, recoñecendo que dende o Congreso dos Deputados están a traballar na presentación de propostas dirixidas á derogación de lei 2/2012 ou lei Montoro por entender que se trata dunha lei moi negativa para os concellos, e polo tanto votarán en contra da proposición presentada.

O señor alcalde concede a palabra ao voceiro do grupo municipal de FPF D. Víctor Couto Barrientos, quen se manifesta en contra da proposición presentada á espera da resposta que ofrezca o grupo municipal do PP sobre a retirada do asunto da orde do día.

A continuación polo Sr Alcalde-presidente **ábrese unha segunda quenda de intervencións**, concedendo a palabra ao voceiro do grupo municipal do PP D. Javier Jorge Castiñeira, quen denuncia que non existe proposta alternativa á presentada polo PP.





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Expón que o compromiso a favor da Lei orgánica 2/2012, baséase na existencia doutras forzas políticas que pretende a súa íntegra derogación, entendendo que o que procedería sería a súa modificación mediante a flexibilización de determinadas regras como a regra de gasto que impide o uso do remanente creado polos concellos.

Informa que nas actas de arqueo elaboradas ao fin do seu mandato no ano 2019, existían preto de catro millóns de euros (4.000.000 euros) nos bancos, e o remanente que é unha magnitude contable anda o redor desa cantidade, mentres que no ano 2011 existían apenas catrocentos mil euros (400.000 €) nas contas, pese a declarar un remanente de case sete millóns.

En resposta ao Sr Villamil, expón que o BNG en Madrid logo de vender o seu voto a favor do Sr Sánchez, non ten conseguido nada para Galicia.

Finaliza a súa intervención afirmando que a moción presentada é clara e por iso a someterán a debate e votarán a favor, instando ao resto de grupos municipais a elaborar e presentar a súa propia proposta no seu caso.

Polo grupo municipal do PSOE, intervén novamente o Sr Alcalde para criticar que na intervención do voceiro do grupo municipal do PP lévase a confusión á opinión pública ao equiparar as actas de arqueo co diñeiro existente en contas, e sen falar das facturas pendentes de pago en xuño de 2019.

Remata a súa intervención mostrando o desexo do seu grupo, de poder empregar os cartos aforrados polo concello de Foz a favor da propia veciñanza de Foz, e tendo en conta as incoherencias expostas anteriormente, anuncia que o seu grupo votará en contra da proposición que se somete a debate.

O Sr Alcalde concede a palabra ao voceiro do grupo municipal do BNG, quen defende que os problemas que se denuncian sobre o uso dos remanentes, derivan da propia lei Montoro, unha lei que incumpriu reiteradamente o anterior goberno.

O Sr Alcalde concede a palabra ao voceiro do grupo municipal de FPF, o cal rexeita intervir na quenda de réplica.

Rematado o debate, sométese o punto da orde do día a votación ordinaria, e o Concello Pleno, polo voto a favor dos/as cinco (5) concelleiros/as presentes do grupo político municipal do PP, en contra dos/as dez (10) concelleiros/as presentes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e do BNG, e a abstención do concelleiro presente do grupo político municipal do FPF, **non aproba** a proposición presentada polo Grupo Político Municipal do PP.-

B) ACTIVIDADE DE CONTROL



10.-DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS POLA ALCALDÍA ENTRE O 17DE XUÑO DE 2020 ATA O 24 DE XULLO DE 2020.-

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Sr. Alcalde da conta das resolucións ditadas desde o 17 de xuño de 2020 ao 24 de xullo de 2020, que a seguir se transcriben:

NOME	DATA	RESUMO
DECRETO 2020-0481 [Resolución sancionadora 24-7-2020]	24/07/2020 21:39	SIA 1001340 -- Expediente 1262/2018 -- B81093288 RECYGES SL, DENUNCIA RECYGES --
DECRETO 2020-0479 [TRIBUNAL 1 PEÓN CONDUCTOR DE BRIGADA.207.2020]	24/07/2020 14:12	SIA 1001340 -- 602 EMPREGO -- Expediente 890/2020 -- DIETAS PROCESOS SELECTIVOS ANO 2020 --
DECRETO 2020-0480 [TRIBUNAL 1 AUXILIAR DE SERVICIOS MÚLTIPLES. DEPUEMPREGO 1696.2019.]	24/07/2020 14:12	SIA 1001340 -- 602 EMPREGO -- Expediente 890/2020 -- DIETAS PROCESOS SELECTIVOS ANO 2020 --
DECRETO 2020-0478 [TRIBUNAL 1 SOCORRISTA . PLAN VERÁN .700.2020]	24/07/2020 14:12	SIA 1001340 -- 602 EMPREGO -- Expediente 890/2020 -- DIETAS PROCESOS SELECTIVOS ANO 2020 --
DECRETO 2020-0477 [TRIBUNAL 1 SOCORRISTA. MELLORA DA EMPREGABILIDADE 188.2020. 2ª ACTA]	24/07/2020 14:12	SIA 1001340 -- 602 EMPREGO -- Expediente 890/2020 -- DIETAS PROCESOS SELECTIVOS ANO 2020 --
DECRETO 2020-0476 [TRIBUNAL 1 XEFE DE BRIGADA.207.2020]	24/07/2020 14:12	SIA 1001340 -- 602 EMPREGO -- Expediente 890/2020 -- DIETAS PROCESOS SELECTIVOS ANO 2020 --
DECRETO 2020-0475 [TRIBUNAL 2 PEÓNS DE SERVICIOS MÚLTIPLES. DEPUEMPREGO 1696.2019.]	24/07/2020 14:12	SIA 1001340 -- 602 EMPREGO -- Expediente 890/2020 -- DIETAS PROCESOS SELECTIVOS ANO 2020 --
DECRETO 2020-0474 [TRIBUNAL 3 PEÓNS DE BRIGADA.207.2020]	24/07/2020 14:12	SIA 1001340 -- 602 EMPREGO -- Expediente 890/2020 -- DIETAS PROCESOS SELECTIVOS ANO 2020 --
DECRETO 2020-0473 [TRIBUNAL 5 PEÓNS MEDIOAMBIENTÁIS . RISGA 189.2020.]	24/07/2020 14:12	SIA 1001340 -- 602 EMPREGO -- Expediente 890/2020 -- DIETAS PROCESOS SELECTIVOS ANO 2020 --
DECRETO 2020-0472 [TRIBUNAL 6 PEÓNS MEDIOAMBIENTÁIS . PLAN VERÁN . 700.2020]	24/07/2020 14:12	SIA 1001340 -- 602 EMPREGO -- Expediente 890/2020 -- DIETAS PROCESOS SELECTIVOS ANO 2020 --
DECRETO 2020-0471 [TRIBUNAL 6 SOCORRISTAS. MELLORA DA EMPREGABILIDADE 188.2020.1ª ACTA.]	24/07/2020 14:12	SIA 1001340 -- 602 EMPREGO -- Expediente 890/2020 -- DIETAS PROCESOS SELECTIVOS ANO 2020 --
DECRETO 2020-0470 [TRIBUNAL 8 SOCORRISTAS. MELLORA DA EMPREGABILIDADE	24/07/2020 14:12	SIA 1001340 -- 602 EMPREGO -- Expediente 890/2020 -- DIETAS PROCESOS SELECTIVOS ANO 2020 --





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

188.2020. 3ª ACTA]

DECRETO 2020-0469 [REQUERIMIENTO INGRESO 2º BIMESTRE 2020]	23/07/2020 17:58	SIA 1001340 -- 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 549/2020 - REQUERIMIENTO INGRESO A GESTAGUA --
DECRETO 2020-0468 [Decreto Ordenación pago facturas]	23/07/2020 17:57	200 INTERVENCIÓN -- Expediente 438/2020 -- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (FACTURAS 2019) --
DECRETO 2020-0467 [DECRETO ALCALDÍA AXUDAS EMERXENCIA SOCIAL]	23/07/2020 17:54	SIA 1001340 -- 500 SERVICIOS SOCIALES -- Expediente 831/2020 -- AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL
DECRETO 2020-0466 [DECRETO]	23/07/2020 17:50	SIA 1001340 -- 810 CULTURA -- Expediente 327/2020 -- Q6550009B Agencia Gallega de las Industrias Culturales (AGADIC), S1511001H Consellería de Cultura y Turismo -- CONVENIO REDE GALEGA DE TEATROS (AGADIC). PRIMEIRO SEMESTRE --
DECRETO 2020-0465 [Resolución de Alcaldía]	23/07/2020 11:12	300 TESORERÍA -- Expediente 653/2020 -- B27333160 SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE SL -- Aprobación padróns axuda fogar marzo - maio - xuño --
DECRETO 2020-0464 [Resolución de Alcaldía Declaración Licitación Deserta]	22/07/2020 17:53	SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 714/2020 -- Declaración deserta da licitación do contrato de subministración dun camión recolector compactador de carga traseira para o servizo de recollida de RSU do Concello de Foz --
DECRETO 2020-0463 [DECRETO]	22/07/2020 14:30	SIA 1001274 -- 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 867/2020 -- EXPDTE. 20/2020 DE XERACION DE CREDITO. PRESIDENCIA XUNTA GALICIA. LIMPEZA LOCALES ELECTORAIS COVID-19 --
DECRETO 2020-0462 [RESOLUCION APROBANDO BASES TURISMO]	21/07/2020 13:53	SIA 1001425 -- 602 EMPREGO -- Expediente 344/2020 -- SUBVENCION CONTRATACION TECNICO TURISMO MESES DE MAIO, XUÑO, XULLO, AGOSTO E SETEMBRO --
DECRETO 2020-0461 [Resolución nomeamento coordinador seguridade]	21/07/2020 11:50	SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 492/2020 -- Múltiples interesados -- Contrato menor de obra: iluminación rúa Concello de Sarria de Foz -- Nomeamento coordinador seguridade
DECRETO 2020-0460 [Resolución pago traballos de limpeza e desinfección]	20/07/2020 14:11	SIA 1001374 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 575/2020 -- Múltiples interesados -- ELECCIÓNS AUTONÓMICAS 12 XULLO 2020 -- Pago traballos limpeza e desinfección
DECRETO 2020-0459 [Resolución de Alcaldía]	20/07/2020 13:25	SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 492/2020 -- Múltiples interesados -- Adxudicación contrato menor de obra: iluminación rúa Concello de Sarria de Foz --
DECRETO 2020-0458 [Decreto da convocatoria]	20/07/2020 9:46	Expediente CIAPP/2020/4 -- Convocatoria CIAPP de data 23/07/2020
DECRETO 2020-0457 [DECRETO APROB FACT 29. EXPD 859-2020. CON IR 55]	17/07/2020 18:31	SIA 1001340 -- 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 859/2020 -- APROBACIÓN FACTURAS 29 --
DECRETO 2020-0456 [DECRETO DIETAS GRUPO 4-2020.]	17/07/2020 18:31	SIA 1001340 -- 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 33/2020 -- Múltiples interesados -- DIETAS 2020 --
DECRETO 2020-0455 [DECRETO AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL 561/2020]	17/07/2020 11:04	SIA 1001340 -- 500 SERVICIOS SOCIALES -- Expediente 561/2020 - AXUDA EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL
DECRETO 2020-0454 [DECRETO ALCALDIA DE CONCESIÓN DO SERVIZO XANTAR NA CASA]	15/07/2020 15:07	SIA 1001433 -- 500 SERVICIOS SOCIALES -- Expediente 1513/2019 -- Múltiples interesados -- Ordenanza reguladora Xantar na casa --
DECRETO 2020-0453 [DECRETO AXUDA DE	15/07/2020 15:05	SIA 1001340 -- 500 SERVICIOS SOCIALES -- Expediente 548/2020 - AXUDA EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL



EMERXENCIA SOCIAL 548-2020]		
DECRETO 2020-0452 [Resolución de Alcaldía]	15/07/2020 11:55	300 TESORERÍA -- Expediente 654/2020 -- Aprobación cargo ocupacións vía pública con mesas e cadeiras....maio --
DECRETO 2020-0451 [DECRETO NOMEAMENTO 3ª CONVOCATORIA SOCORRISTAS]	15/07/2020 10:51	SIA 1001425 -- 602 EMPREGO -- Expediente 188/2020 -SUBVENCION MELLORA DA EMPREGABILIDADE 2020 --
DECRETO 2020-0450 [Resolución convocatoria mesa contratación valoración sobre B e apertura sobre C]	15/07/2020 10:51	SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 21/2020 -- Múltiples interesados -- Contrato adquisición caixa compactadora para camión de lixo -- Convocatoria mesa contratación valoración sobre B e apertura sobre C
DECRETO 2020-0449 [DECRETO 2014-0930]	15/07/2020 9:28	SIA 1001425 -- 602 EMPREGO -- Expediente 344/2020 -- SUBVENCION CONTRATACION TECNICO TURISMO MESES DE MAIO, XUÑO, XULLO, AGOSTO E SETEMBRO --
DECRETO 2020-0448 [RESOLUCION ALCALDIA]	14/07/2020 20:19	SIA 1001292 -- 700 MEDIO AMBIENTE -- Expediente 846/2020 - cambio titular por cese alugueiro
DECRETO 2020-0447 [Resolución de Alcaldía]	14/07/2020 11:35	300 TESORERÍA -- Expediente 752/2020 -- Aprobación cargo ocupacións vía pública con mesas e cadeiras....xuño --
DECRETO 2020-0446 [Resolución de Alcaldía]	14/07/2020 9:04	300 TESORERÍA -- Expediente 655/2020 -- Aprobación cargo ocupacións vía pública con vallas...maio --
DECRETO 2020-0445 [Resolución de Alcaldía]	14/07/2020 9:03	300 TESORERÍA -- Expediente 513/2020 -- Aprobación cargo ocupacións vía pública con vallas...abril --
DECRETO 2020-0444 [Decreto aprobación gastos publicación edicto en B.O.P.]	14/07/2020 9:00	SIA 1001340 -- 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 799/2020 - APROBACION PADRON 3º BIMESTRE 2020 DE AGUA, LIXO, DEPURACION... PUBLICACIÓN EDICTO B.O.P.
DECRETO 2020-0443 [Resolución de Alcaldía]	14/07/2020 8:59	300 TESORERÍA -- Expediente 435/2020 -- Aprobación cargo ocupacións vía pública con mesas e cadeiras....marzo --
DECRETO 2020-0442 [RESOLUCION adxudicación]	14/07/2020 8:44	SIA 1001420 -- 700 MEDIO AMBIENTE -- Expediente 159/2020 -- B27173384 MOURE MAQUINARIA, S.L., B27418854 ANCARIA, S.L. -- FONDO COMPENSION NON COMPETITIVO ANO 2020 -- contrato remolque
DECRETO 2020-0441 [Resolución de Alcaldía]	13/07/2020 9:41	SIA 1001427 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 362/2020 -- Múltiples interesados -- PA PROCEDIMIENTO ABREVIADO Nº 0000442/2019 J DE SONIA MARÍA RIESGO GONZÁLEZ CONTRA CONCELLO DE FOZ SOBRE ADMÓN. LOCAL. XDO. CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 1 LUGO --
DECRETO 2020-0440 [DECRETO APROB. XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIONS GRUPO 4º 2019.con IR]	09/07/2020 19:18	SIA 1001425 -- 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 982/2019 -- Múltiples interesados -- SUBVENCIONS ASOCIACIONES CONCELLO DE FOZ 2019 --
DECRETO 2020-0439 [Resolución de Alcaldía]	09/07/2020 19:14	SIA 1001340 -- 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 799/2020 - APROBACION PADRON 3º BIMESTRE 2020 DE AGUA, LIXO, DEPURACION...CONFECIONADO POLA EMPRESA GESTAGUA --
DECRETO 2020-0438 [RESOLUCION adxudicación]	09/07/2020 19:13	SIA 1001420 -- 700 MEDIO AMBIENTE -- Expediente 159/2020 -- FONDO COMPENSION NON COMPETITIVO ANO 2020 -- contrato menor contenedores
DECRETO 2020-0437 [DECRETO APROB FACT 28.EXPD 809-2020. CON IR 51]	09/07/2020 9:36	SIA 1001340 -- 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 809/2020 -- APROB RELACIÓN DE FACTURAS 28-2020 --
DECRETO 2020-0436 [Resolución de Alcaldía]	08/07/2020 22:21	SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 768/2020 -- Contrato menor de obra para a execución da nova memoria valorada para mantemento da terraza da segunda planta Cenima (Foz) --
DECRETO 2020-0435 [DECRETO ALCALDÍA FISCALIZADO CON REPARO DE INTERVENCIÓN]	08/07/2020 22:19	SIA 1001340 -- 500 SERVICIOS SOCIALES -- Expediente 766/2020 AXUDA EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL
DECRETO 2020-0434 [DECRETO ALCALDÍA FISCALIZADO CON REPARO DE INTERVENCIÓN]	08/07/2020 22:17	SIA 1001340 -- 500 SERVICIOS SOCIALES -- Expediente 734/2020- AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL
DECRETO 2020-0433 [DECRETO DE	08/07/2020 12:25	SIA 1001272 -- 500 SERVICIOS SOCIALES -- Expediente 633/2019 -- Múltiples interesados -- CONCESIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA RESIDENCIA E





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

DENEGACION AXUDAS EMERXENCIA RESIDENCIA]		CENTRO DE DÍA. --
DECRETO 2020-0432 [RESOLUCIÓN NOMEAMENTO COMPOÑENTES BRIGADA 2020]	08/07/2020 12:23	SIA 1001420 -- 602 EMPREGO -- Expediente 207/2020 -- Múltiples interesados -- CONVENIO INCENDIOS 2020 --
DECRETO 2020-0431 [Resolución de Inicio procedemento simplificado]	08/07/2020 10:44	SIA 1001201 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 665/2020 -- Múltiples interesados -- Responsabilidade patrimonial -- Inicio procedemento simplificado
DECRETO 2020-0430 [Resolución de Inicio procedemento simplificado]	08/07/2020 10:43	SIA 1001201 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 628/2020 -- Múltiples interesados -- Solicitud responsabilidade patrimonial María García Ares -- Inicio procedemento abreviado
DECRETO 2020-0429 [Foz_resolucion_sanccio nadora_82]	08/07/2020 10:16	SIA 1001340 -- Expediente 1262/2018 -- B81093288 RECYGES SL, B83382549 SecuritiFleet SL -- DENUNCIA RECYGES --
DECRETO 2020-0428 [DECRETO ALCALDÍA DELEGACION FUNCIONS ALCALDE PARA REALIZACIÓN DE CASAMENTO]	08/07/2020 10:08	Expediente 358/2017 -- Delegación funcións Alcaldía para celebración de matrimonio civil.
DECRETO 2020-0427 [RESOLUCION CUMPRIMENTO TRIENIO]	08/07/2020 10:01	SIA 1001340 -- 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 790/2020 -- S1511001H Secretaría General Técnica de la Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia -- NOMINA XULLO 2020 --
DECRETO 2020-0426 [RESOLUCION CUMPRIMENTO TRIENIO]	08/07/2020 10:01	SIA 1001340 -- 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 790/2020 -- S1511001H Secretaría General Técnica de la Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia -- NOMINA XULLO 2020 --
DECRETO 2020-0425 [RESOLUCION CUMPRIMENTO TRIENIO]	08/07/2020 10:01	SIA 1001340 -- 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 790/2020 -- S1511001H Secretaría General Técnica de la Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia -- NOMINA XULLO 2020 --
DECRETO 2020-0424 [RESOLUCION CUMPRIMENTO DE BIENIO]	08/07/2020 10:01	SIA 1001340 -- 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 790/2020 -- S1511001H Secretaría General Técnica de la Consellería de Presidencia, Administraciones Públicas y Justicia -- NOMINA XULLO 2020 --
DECRETO 2020-0423 [DECRETO DE DENEGACION AXUDAS EMERXENCIA RESIDENCIA]	08/07/2020 9:52	SIA 1001272 -- 500 SERVICIOS SOCIALES -- Expediente 633/2019 -- Múltiples interesados -- CONCESIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA RESIDENCIA E CENTRO DE DÍA. --
DECRETO 2020-0422 [DECRETO ASIGNACION PARTIDOS]	07/07/2020 19:06	SIA 1001340 -- 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 746/2020 -- ASIGNACIÓN GRUPOS POLÍTICOS E ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS. --
DECRETO 2020-0421 [RESOLUCION]	06/07/2020 19:35	SIA 1001420 -- 700 MEDIO AMBIENTE -- Expediente 159/2020 -- FONDO COMPENSION NON COMPETITIVO ANO 2020 --
DECRETO 2020-0420 [DECRETO]	06/07/2020 19:33	SIA 1001420 -- 700 MEDIO AMBIENTE -- Expediente 159/2020 -- FONDO COMPENSION NON COMPETITIVO ANO 2020 --
DECRETO 2020-0419 [RESOLUCION NOMEAMENTO PEONS MEDIOAMBIENTAIS]	03/07/2020 10:07	SIA 1001400 -- 602 EMPREGO -- Expediente 700/2020 -- Múltiples interesados -- PLAN EMPREGO VERÁN 2020 --
DECRETO 2020-0418 [RESOLUCIÓN LISTA]	02/07/2020 12:32	SIA 1001420 -- 602 EMPREGO -- Expediente 207/2020 -- Múltiples interesados -- CONVENIO INCENDIOS 2020 --



DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS PEÓNS BRIGADA 2020]		
DECRETO 2020-0417 [Resolución convocatoria mesa contratación Sobre A e B]	02/07/2020 11:24	SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 21/2020 -- Múltiples interesados -- Contrato adquisición camión lixo -- Convocatoria Mesa contratación sobres A e B
DECRETO 2020-0416 [RESOLUCION LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOSE EXCLUIDOS PEÓN CONDUCTOR DE BRIGADA 2020]	02/07/2020 11:16	SIA 1001420 -- 602 EMPREGO -- Expediente 207/2020 -- Múltiples interesados -- CONVENIO INCENDIOS 2020 --
DECRETO 2020-0415 [RESOLUCIÓN ALCALDIA ENCOMENDA DE XESTIÓN]	02/07/2020 11:06	SIA 1001427 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 779/2020 -- P.A. 0000089/2020/S interposto por María Carmen Costas Fachal
DECRETO 2020-0414 [RESOLUCION LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOSE EXCLUIDOS PEÓN CONDUCTOR DE BRIGADA 2020]	01/07/2020 20:20	SIA 1001420 -- 602 EMPREGO -- Expediente 207/2020 -- Múltiples interesados -- CONVENIO INCENDIOS 2020 --
DECRETO 2020-0413 [RESOLUCIÓN LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS XEFE BRIGADA 2020]	01/07/2020 20:20	SIA 1001420 -- 602 EMPREGO -- Expediente 207/2020 -- Múltiples interesados -- CONVENIO INCENDIOS 2020 --
DECRETO 2020-0412 [Resolución de Alcaldía]	01/07/2020 20:18	300 TESORERÍA -- Expediente 434/2020 -- Aprobación cargo ocupacións vía pública con vallas....marzo --
DECRETO 2020-0411 [Resolución de Alcaldía Plan Unico 2020]	01/07/2020 13:24	SIA 1001420 -- 602 EMPREGO -- Expediente 454/2020 -- Múltiples interesados -- Plan único provincial 2020 --
DECRETO 2020-0410 [DECRETO APROB.RELAC FAC 27.EXPD 747-2020.CON IR.]	01/07/2020 8:59	SIA 1001340 -- 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 747/2020 -- APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS 27 -2020 --
DECRETO 2020-0409 [Resolución de Alcaldía]	01/07/2020 8:58	SIA 1001420 -- 602 EMPREGO -- Expediente 454/2020 -- Múltiples interesados -- Plan único provincial 2020 --
DECRETO 2020-0408 [DECRETO ALCALDIA DE CONCESIÓN DO SAF A DEPENDENTES]	30/06/2020 18:26	Expediente 1706/2014 -- S1511001H CONSELLERIA DE TRABALLO E BENESTAR
DECRETO 2020-0407 [RESOLUCION NOMEAMENTO SOCORRISTAS PLAN VERAN]	30/06/2020 14:08	SIA 1001400 -- 602 EMPREGO -- Expediente 700/2020 -- Múltiples interesados -- PLAN EMPREGO VERÁN 2020 --
DECRETO 2020-0406 [RESOLUCION NOMEAMENTO SOCORRISTAS PLAN VERAN]	30/06/2020 13:05	SIA 1001400 -- 602 EMPREGO -- Expediente 700/2020 -- Múltiples interesados -- PLAN EMPREGO VERÁN 2020 --
DECRETO 2020-0405 [Resolución alcaldía]	30/06/2020 12:44	SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 768/2020 -- Contrato menor de obra para a execución da memoria valorada para mantemento da terraza da segunda planta Cenima (Foz) -- Aprobación memoria
DECRETO 2020-0404 [Resolución de Alcaldía]	30/06/2020 12:44	SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 736/2020 -- Contrato obra Plan único 2020 "Pintura pistas de tenis en Foz" -- Aprobación memoria
DECRETO 2020-0403 [LISTA DEFINITIVA ADMITIDOS PEÓNS MEDIOAMBIENTAIS PLAN VERAN 2020]	30/06/2020 11:50	SIA 1001400 -- 602 EMPREGO -- Expediente 700/2020 -- Múltiples interesados -- PLAN EMPREGO VERÁN 2020 --





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

DECRETO 2020-0402 [RESOLUCIÓN PAGO TRIMESTRAL DO PRÉSTAMO]	29/06/2020 18:22	SIA 1001340 -- 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 424/2020 -- A08000143 BANCO DE SABADELL, S.A. -- APROBACIÓN PAGO COTA TRIMESTRAL DO PRÉSTAMO (AVDA.ÁLVARO CUNQUEIRO) BANCO SABADELL. --
DECRETO 2020-0401 [DECRETO NOMEAMENTO 1º CONVOCATORIA SOCORRISTAS]	29/06/2020 13:17	SIA 1001425 -- 602 EMPREGO -- Expediente 188/2020 - SUBVENCION MELLORA DA EMPREGABILIDADE 2020 --
DECRETO 2020-0400 [DECRETO NOMEAMENTO 2ª CONVOCATORIA SOCORRISTAS]	29/06/2020 13:17	SIA 1001425 -- 602 EMPREGO -- Expediente 188/2020 -SUBVENCION MELLORA DA EMPREGABILIDADE 2020 --
DECRETO 2020-0399 [Resolución Adxudicación]	29/06/2020 11:36	100 SECRETARIA -- Expediente 745/2020 -- B27374511 SAN FROILAN GALICIA SLU, B27331826 LIMPEZAS LEMA SL, B27257815 LIMPEZAS SAN FROILAN SLU -- CONTRATO MENOR SERVIZO DE LIMPEZA DE ASEOS PRAIAS E AREAS RECREATIVAS -- Adxudicación
DECRETO 2020-0398 [LISTA DEFINITIVA ADMITIDOS SOCORRISTAS PLAN VERAN 2020]	29/06/2020 9:46	SIA 1001400 -- 602 EMPREGO -- Expediente 700/2020 -- Múltiples interesados -- PLAN EMPREGO VERÁN 2020 --
DECRETO 2020-0397 [20200626 DECRETO]	29/06/2020 9:44	SIA 1001340 -- 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 669/2020 -- Múltiples interesados -- NOMINA XUÑO 2020 --
DECRETO 2020-0396 [Decreto da convocatoria]	25/06/2020 18:42	Expediente JGL/2020/7 -- Convocatoria JGL --
DECRETO 2020-0395 [Decreto da convocatoria]	25/06/2020 18:37	Expediente CIAPP/2020/3 -- Convocatoria Comisión Informativa extraordinaria y urgente --
DECRETO 2020-0394 [Resolución aprobación expediente]	25/06/2020 17:37	SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 714/2020 -- Contrato de subministración dun camión recolector compactador de carga traseira para o servizo de recollida de RSU do Concello de Foz -- Aprobación expediente
DECRETO 2020-0393 [Resolución aprobación plan seguridade]	25/06/2020 10:00	SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 651/2020 --- Contrato menor "Obras varias en Cangas, Nois e Santa Cilla -- Aprobación plan seguridade
DECRETO 2020-0392 [RESOLUCIÓN CONCESIÓN CENIMA - ACIA FOZ]	23/06/2020 14:08	SIA 1001340 -- 820 TURISMO -- Expediente 737/2020 - Solicitud Salón de Actos CENIMA --
DECRETO 2020-0391 [Resolución aprobación]	23/06/2020 14:07	SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 714/2020 -- Contrato de subministración dun camión recolector compactador de carga traseira para o servizo de recollida de RSU do Concello de Foz --
DECRETO 2020-0390 [Resolución convocatoria mesa contratación Sobre A]	23/06/2020 12:59	SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 21/2020 -- B15134182 VEHÍCULOS, EQUIPAMIENTOS Y CARROCERÍAS PRIETO-PUGA SL - VEICAR -- Contrato adquisición camión lixo -- Convocatoria mesa contratación
DECRETO 2020-0389 [RESOLUCION ALCALDIA]	23/06/2020 11:51	SIA 1001275 -- 700 MEDIO AMBIENTE -- Expediente 713/2020 - BAIXA CONTRATO TAXA LIXO E RECLAMACIÓN DEBEDA --
DECRETO 2020-0388 [RESOLUCION]	22/06/2020 14:25	SIA 1001332 -- 700 MEDIO AMBIENTE -- Expediente 684/2020 -- RESOLUCION CONCESION FOGUEIRAS SAN XOAN E SAN PEDRO 2020
DECRETO 2020-0387 [DECRETO DAS BASES PLAN VERAN COVID 2020]	22/06/2020 12:39	SIA 1001400 -- 602 EMPREGO -- Expediente 700/2020 -- PLAN EMPREGO VERÁN 2020 --
DECRETO 2020-0386 [DECRETO ALCALDÍA AXUDAS EMERXENCIA SOCIAL]	19/06/2020 13:22	SIA 1001340 -- 500 SERVICIOS SOCIALES -- Expediente 717/2020 -- AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL .



DECRETO 2020-0385 [DECRETO APROB.RELAC FAC 25. EXPD 724-2020.CON IR]	19/06/2020 13:22	SIA 1001183 -- 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 724/2020 -- APROB. RELAC. FACT 25 --
DECRETO 2020-0384 [DECRETO ALCALDÍA AXUDAS EMERXENCIA SOCIAL	19/06/2020 11:33	SIA 1001340 -- 500 SERVICIOS SOCIALES -- Expediente 704/2020- AXUDA EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL
DECRETO 2020-0383 [Resolución de Alcaldía]	19/06/2020 10:59	SIA 1001201 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 628/2020 - Solicitud de responsabilidade patrimonial
DECRETO 2020-0382 [Resolución de Alcaldía]	19/06/2020 10:41	SIA 1001201 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 665/2020- Responsabilidade patrimonial --
DECRETO 2020-0381 [Decreto da convocatoria]	19/06/2020 10:39	Expediente PLN/2020/8 -Convocatoria Pleno Ord. 25/06/2020
DECRETO 2020-0380 [RESOLUCION adxudicación]	19/06/2020 10:36	700 MEDIO AMBIENTE -- Expediente 633/2020 -- PROPOSTA GASTO LIMPEZA COLECTORES 2020 --
DECRETO 2020-0379 [RESOLUCION NOMEAMENTO RISGA]	19/06/2020 10:01	SIA 1001425 -- 602 EMPREGO -- Expediente 189/2020 -- Múltiples interesados -- SUBVENCION RISGA 2020 --
DECRETO 2020-0378 [Resolución de Alcaldía de Inicio]	18/06/2020 13:58	SIA 1001415 -- 100 SECRETARIA -- Expediente 714/2020 -- Contrato de subministración dun camión recolector compactador de carga traseira para o servizo de recollida de RSU do Concello de Foz -- Resolución de inicio
DECRETO 2020-0377 [DECRETO BASES SELECCIÓN SOCORRISTAS 2020]	18/06/2020 11:10	SIA 1001425 -- 602 EMPREGO -- Expediente 188/2020 -- SUBVENCION MELLORA DA EMPREGABILIDADE 2020 --
DECRETO 2020-0376 [[REQUERIMENTO INGRESO GESTAGUA]	18/06/2020 11:09	SIA 1001340 -- 200 INTERVENCIÓN -- Expediente 331/2020 -- A78139755 GESTION Y TECNICAS DEL AGUA, S.A. - GESTAGUA -- PADRON 1º BIMESTRE 2020 CANON AUGA, ABASTECIMIENTO DE AUGA, TAXA DEPURACION, TAXA BASURA, , CONTRAIDO A GESTAGUA --
DECRETO 2020-0375 [RESOLUCION ALCALDIA APROBANDO BASES BRIGADA 2020]	18/06/2020 11:08	SIA 1001425 -- 602 EMPREGO -- Expediente 207/2020 -- CONVENIO INCENDIOS 2020 --
DECRETO 2020-0374 [RESOLUCIÓN CONCESIÓN CENIMA - Cofraria]	18/06/2020 11:02	SIA 1001340 -- 820 TURISMO -- Expediente 697/2020 - Solicitud Salón de Actos CENIMA --
DECRETO 2020-0373 [RESOLUCION NOMEAMENTO RISGA]	17/06/2020 20:20	SIA 1001425 -- 602 EMPREGO -- Expediente 189/2020 -- S1511001H Dirección General de Inclusión Social -- SUBVENCION RISGA 2020 --
DECRETO 2020-0372 [Resolución adxudicación]	17/06/2020 20:12	SIA 1001415 -- Expediente 651/2020 --. -- Contrato menor "Obras varias en Cangas, Nois e Santa Cilla -- Adxudicación
DECRETO 2020-0371 [RESOLUCION adxudicación]	17/06/2020 20:11	SIA 1001420 -- 700 MEDIO AMBIENTE -- Expediente 642/2020 -- subvención axuda PACES . MT210A --
DECRETO 2020-0370 [Resolución de Alcaldía]	17/06/2020 9:47	310 OFICINA RECAUDACION -- Expediente 701/2020 -- TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS PARA O EXERCICIO DE 2020 -- PUBLICACIÓN B.O.P.

Os/As Concelleiros/as membros asistentes á sesión toman coñecemento da relación de decretos exposta.-

11.- EXPEDIENTE 149/2020: DACIÓN DE CONTA DE:

10.1. TIPOS DE GRAVAME.

10.2. INFORMACIÓN TRIMESTRAL 2º TRIMESTRE 2020.





CONCELLO DE FOZ (LUGO)

10.3. PERÍODO MEDIO DE PAGO 2º TRIMESTRE 2020. 10.4. MOROSIDADE 2º TRIMESTRE 2020.

Polo Presidente dáse conta ao pleno municipal de: tipos de gravame; información trimestral 2º trimestre 2020; período medio de pago 2º trimestre 2020 e morosidade 2º trimestre 2020.

Os/As Concelleiros/as membros asistentes á sesión danse por decatados/as.-

C) ROGOS E PREGUNTAS

C.1. ROGOS

Rogos do PP. Juan Rivas Nécega formula os seguintes:

1.- Logo de ser asfaltada a estrada paralela a ITV en Cangas, os veciños demanda a instalación dun quitamedos na mesma, motivo polo cal instan ao goberno municipal a realizar dita actuación.

2.- Insta ao goberno local a proceder á limpeza e adecuación da Senda do Cantábrico que discorre polo noso concello.

O Sr Alcalde responde que o Convenio existente venceu na súa vixencia, e no mesmo se prevía que a responsabilidade da limpeza e mantemento de dita senda correspondía á Xunta de Galicia.

3.- Logo de manifestar que están totalmente desinformados sobre o estado de tramitación da nova EDAR, instan ao goberno municipal a convocar a comisión de seguemento.

O Sr Alcalde pídelle ao grupo municipal do PP que colabore na xestión pedindo información á Xunta de Galicia, xa que dende o goberno municipal se ten solicitado por escrito información sobre o estado das alegacións presentadas, sen ter resposta na actualidade.

C.2. PREGUNTAS

Preguntas do PP. Juan Rivas Nécega formula os seguintes:

1.- Preguntan sobre o estado de execución do proxecto subvencionado en xaneiro deste ano para a instalación de puntos wifi no rural.

O Sr Alcalde responde que están traballando na súa execución, afirmando que están dentro de prazo para poder executar dita actuación.



2.- Pregunta polo problemas de limpeza no colexio nº 1, así como, polo uso de dita instalación para realizar as probas COVID ao persoal municipal.

O Sr Alcalde responde que está en conversas coas direccións dos centros, de modo que ante unha queixa, levan a cabo as medidas oportunas para resolver os problemas denunciados.

3.- Pregunta se van proceder únicamente ao izado da bandeira azul na praia da Rapadoira.

O Sr Alcalde informa que logo de solicitar a financiación de vinte socorristas con cargo a fondos autonómicos, foron concedidos fondos para a contratación de seis, aos que se engaden os oito contratados con fondos municipais, acadando un plantel de catorce socorristas co que optaron por priorizar a seguridade nos areais.

Sendo preciso contar cun número mínimo de socorristas para contar coa bandeira azul e ante a falta de recurso humanos suficientes, optaron por izar únicamente a bandeira azul da Rapadoira.

*- Pregunta pendente de plenos anteriores sobre a falta de aportación de mobiliario nas pistas de skate pola adxudicataria do contrato.

O Sr Alcalde responde que segundo consta no expediente, foron certificadas as obras como debidamente rematadas, entendendo que existiría un compromiso verbal coa adxudicataria de destinar as baixas do contrato á adquisición de dito mobiliario, sen que se teña solicitado a disposición das baixas á Deputación para tal fin.

*- Pregunta pendente de plenos anteriores sobre o cumprimento na implantación da RPT aprobada no ano 2019.

O Sr Alcalde afirma que o documento aprobado resultou ser un completo desastre.

Afirma que en palabras dun representante sindical serviría unicamente para tirar ao lixo, xa que resulta imposible a adscrición de moitos postos ao non ter en conta a categoría profesional dos traballadores, sendo precisos procesos de promoción interna previamente a ditas adscricións.

Recoñece que están a traballar na procura da mellor solución posible logo de ter conversas e reunións na Deputación, así como, cos traballadores.

Concluído o anterior, ás vinte e dúas horas e corenta e sete minutos, non sendo outro o obxecto da convocatoria, o Alcalde-Presidente levanta a sesión no lugar e data ao principio indicados, estendéndose a presente acta para constancia, de todo o que, como secretario, certifico.

O SECRETARIO,
D. VÍCTOR VOCES LÓPEZ

O ALCALDE,
D. FRANCISCO CAJOTO CASERÍO

